



LECTURAS COMPARTIDAS

GUÍA PARA CREAR UN CLUB DE LECTURA

XUNTA DE GALICIA

Ánxela Bugallo Rodríguez
Conselleira de Cultura e Deporte

Luís Bará Torres
Director Xeral de Creación e Difusión Cultural

Cristina Fabeiro Varela
Subdirectora Xeral de Creación e Difusión Cultural

Autoría:
Eva López

Deseño gráfico:
Teófilo Comunicación

Coordinación da edición:
REVERSO Comunicación, Cultura e Lingua

Ilustración da cuberta:
Xosé Cobas

ISBN: 978-84-453-4607-5
D.L.: C 2125-2008

Edita: Xunta de Galicia. Consellería de Cultura e Deporte
Imprime: Gráficas Rigel

LECTURAS COMPARTIDAS

GUÍA PARA CREAR UN CLUB DE LECTURA

XUNTA DE GALICIA



Presentación

Un dos obxectivos centrais na política cultural da Consellaría de Cultura e Deporte é traballar para que os nosos índices de lectura medren. Con este fin, promovemos e apoiamos todas as iniciativas que traballen na dirección de achegar máis persoas aos libros, a entusiasmarse co extraordinario mundo da literatura. A Lei do Libro e a Lectura e o Plan de Lectura camiñan neste sentido e queren que, a cada pouco, sexan máis e máis os que teñan os libros como amigos habituais.

Neste sentido, os Clubs de Lectura significan unha forma de fidelizar lectores e lectoras co engado de facelo en grupo, de comprometerse coa lectura en rede, de crear vencellos a través dos libros. Os Clubs de Lectura están a agromar en bibliotecas, casas de cultura ou centros sociais e significan un singular xeito de encontro, para poñer en común o universo que se atopa nas páxinas dos libros.

Queremos que, a cada pouco, este xeito de ler en común se consolide, se multiplique por todo o país e comprometa cada vez a máis persoas. Que se cree un grupo en Monterroso, en Redondela, en Cariño, en Barcelona ou en Bos Aires arredor dun libro da nosa literatura non deixa de ser un fantástico xeito de promover a lectura e tamén de participar nunha actividade solidaria que contribúe ao diálogo, ás relacións sociais e a unha amizade que nace e medra coa nosa literatura de fondo.

Cremos nas posibilidades dos Clubs de Lectura, confiamos no seu futuro, nunha sociedade que se reúne e comparte as súas ilusións, que debate e dialoga sobre un libro, que se detén e reflexiona arredor do pensamento, que goza e se divirte cun conto. Por todo isto, a Consellaría de Cultura e Deporte está á beira das iniciativas que creen, dinamicen, melloren e promovan os Clubs de Lectura, para que todos e todas leamos e compartamos todo o ben que nos dan os libros.

Ánxela Bugallo Rodríguez

Conselleira de Cultura e Deporte

Prólogo da autora

“Ler é viaxar por un mesmo”, di o poeta Juan Gelman. E, se cada libro é unha nova viaxe que iniciamos en solitario, por que non viaxar en boa compañía e compartir as nosas experiencias?

Complementar o acto íntimo e solitario da lectura e convertelo en actividade de grupo, trocando a palabra escrita en voz e participar en grupo dos sentimentos e sensacións que esperta en nós a lectura, é a premisa básica dos clubs de lectura.

Cantas veces nos atopamos completamente inmersos nun libro, vivindo na propia pel a historia narrada e coa necesidade inminente de compartir ese momento con alguén?

A partir das vivencias e do traballo realizado nos clubs de lectura de Pontevedra e Compostela, e da consulta a outras iniciativas de promoción e dinamización lectora, realizamos esta guía; non coa idea de sentar cátedra, senón co obxectivo único de compartir a nosa experiencia e que esta lle axude a quen decida iniciar esta viaxe acompañada polo mundo da palabra.

Consideramos que o traballo de base é imprescindible para animar a ler, non só a nenos e nenas, senón tamén ao público adulto, ao que vai enfocado este traballo. Botar a andar este tipo de iniciativas é necesario e moi satisfactorio. Aos poucos, e entre todos, estamos a conseguir que o libro e a lectura alcancen unha nova dimensión e ocupen a nosa vida como actividades frecuentes do noso día a día. Perder o medo a ler, e a ler en galego, e a falar publicamente da nosa experiencia literaria, a compartir coñecemento e emocións, e que sexamos quen de entender as verbas de Adolfo Marsillach, cando dicía: “No fondo do meu corazón só considero compatriotas ás persoas que leron os mesmos libros ca min”.

1. QUE É UN CLUB DE LECTURA?

Tradicionalmente enténdese por club de lectura unha activade que reúne grupos de persoas, cunha periodicidade establecida previamente, co obxectivo de comentar un mesmo libro que ben están a ler ou ben xa leron.

A partir desta definición xeral hai unha gran cantidade de matices que poden definir distintos tipos de clubs (segundo a xente que os integre, os tipos de lecturas seleccionados, o idioma dos libros escollidos, etcétera). En todo caso, hai tres elementos que definen un club de lectura:

1. Un grupo de persoas cun interese común na lectura, que len de maneira individual un libro e que se reúnen para comentalo e analízalo de maneira colectiva.
2. Un conxunto de libros (prosa, poesía, teatro, ensaio...) seleccionados e que serán o centro de debates e reunións.
3. Un coordinador ou coordinadora que se encargue de seleccionar as lecturas, reunir o grupo, buscar información complementaria, organizar e moderar as reunións, solucionar posíbeis conflitos, etcétera.

Ao longo deste manual iremos debullando os distintos aspectos destes tres elementos.

2. PARA QUE SERVE UN CLUB DE LECTURA?

Desde a nosa experiencia podemos precisar 1001 razóns (coma os contos que Sherezade contaba cada noite para afastarse da morte) para crear un club de lectura. Para comezar van sete...

1. Para descubrir, redescubrir ou manter o noso amor pola lectura.
2. Para coñecer máis libros, máis autores e autoras, máis editoriais.
3. Para dimensionar o proceso lector: pasamos dunha lectura solitaria a unha lectura compartida, onde os demais tamén contan, unha lectura solidaria cos demais.
4. Para socializar, coñecer xente coas mesmas afeccións ca nós.
5. Para coñecer a mirada do outro e ler tamén polos seus ollos, enriquecendo a nosa propia lectura.
6. Para aumentar a nosa competencia lingüística.
7. Para afondar nas lecturas, achegándonos non só ao argumento, senón ao autor, ao estilo, ao contexto histórico no que foi escrito e no que se desenvolve a acción, etcétera.

As demais, convidámosvos a ilas descubrindo.

3. HISTORIA DOS CLUBS DE LECTURA

Aínda que nos últimos tempos están a rexurdir os clubs de lectura como un fenómeno sociocultural que se debe ter en conta, teríamos que retroceder ata a Inglaterra e aos Estados Unidos de principios do século xx para atopar as primeiras iniciativas. Lembremos que a propia palabra *club* ('grupo de persoas libremente asociadas que coinciden en gustos, opinións ou nos seus desexos de relación social') fai referencia a esta orixe anglosaxona.

O nacemento dos clubs de lectura ten o seu antecedente máis directo nos faladoiros literarios de fins do século xix e principios do xx. Na súa concepción actual partiu como iniciativa das editoriais dos Estados Unidos, que fomentaban esta actividade entre o seu público para acadar unha maior venda de libros. O club de lectura máis lonxevo do que temos constancia funciona ininterrompidamente desde o ano 1912 no Reino Unido.

Nas últimas dúas décadas puidemos ver a popularización dos clubs de lectura en países como Inglaterra e Estados Unidos (*book clubs*), onde acadan tal nivel de repercusión que as propias editoras ofrecen prezos especiais de libros para os clubs, e onde existen moitos sitios web e publicacións destinadas á creación e organización destas iniciativas; en Francia, cos *Clubs de Lecture et d'Animation Culturelle* (máis ligados a institucións culturais que a particulares) e, en Portugal, coas *Comunidades de Leitores*, unha variante dos clubs de lectura. No Estado español foron gobernos como o de Castela A Mancha, Andalucía, Extremadura e Cataluña os pioneiros en fomentar a través das bibliotecas públicas a creación desta actividade.

3. HISTORIA DOS CLUBS DE LECTURA

3.1. Clubs de lectura en Galicia

En Galicia, aínda cunha gran tradición na narración oral colectiva (os contos arredor da lareira para pasar as noites de inverno, nas mallas, nas ferrerías, nos teares), a existencia dos clubs de lectura é relativamente recente. As primeiras experiencias viñeron da man da rede de bibliotecas municipais da Coruña e de Oleiros. A estas iniciativas pioneiras seguiron a Biblioteca Miguel González Garcés da Coruña, a de Culleredo, a do centro sociocultural de Fontiñas en Santiago, a de Cambre... Tamén as bibliotecas dependentes da Consellería de Cultura fóronse sumando á creación de novos clubs: a de Vigo, Lugo, Pontevedra e máis recente en Santiago na nova biblioteca Ánxel Casal.

Resulta difícil facer unha catalogación exhaustiva do número de clubs de lectura que están a funcionar actualmente en Galicia, e tampouco é o obxectivo deste manual. Cada día nacen novas experiencias lectoras que deixarían obsoleta ao momento calquera listaxe que pretendamos ofrecer, mais cómpre destacar e nomear proxectos como Literactúa (en Carballo), o club de lectura de Alecrín (en Vigo), a Lonxa Literaria (en Moaña), o Club Virtual das Bibliotecas Municipais (na Coruña), os clubs solidarios organizados en Vigo e Lugo pola ONG Implicadas no Desenvolvemento, entre outros. (*vid. 11.5. Sitios web para visitar*).

3. HISTORIA DOS CLUBS DE LECTURA

3.2. Clubs de lectura en galego

Boa parte das experiencias de clubs de lectura en Galicia están a funcionar con lecturas que ou ben combinan lecturas en castelán e galego ou fano só en castelán.

Aínda que o ideal dun club de lectura sería seleccionar os libros pola súa calidade literaria e interese, independentemente da lingua na que estean escritas as obras, nun momento no que se están a perder falantes e no que os índices de lectura en galego son alarmantemente baixos (menos dun 20% dos libros que escollemos son en galego), fomentar a creación de clubs de lectura en galego é necesario, porque:

- Aumenta a competencia lingüística en galego. Lendo aprendemos vocabulario, asimilamos a sintaxe e gañamos en recursos lingüísticos tanto na escrita coma no posterior uso da lingua oral;
- Nos achega a autores e autoras que só publican en galego e que doutro xeito nunca chegaríamos a coñecer;
- Nos achega a unha rica produción editorial, en boa parte descoñecida polo público;
- Desbota o prexuízo, aínda moi arraigado, de que “ler en galego é difícil”.

Neste sentido, cabe destacar a iniciativa dos Clubs de Lectura de Pontevedra, que se desenvolve desde outubro de 2007, froito da colaboración da Consellería de Cultura e Deporte e da área de Cultura

do Concello de Pontevedra. Trátase dunha iniciativa pioneira en Galicia que bota a andar a un tempo cinco clubs de lectura en galego en tres ámbitos diferenciados:

- Un grupo vinculado á biblioteca pública da cidade, cun perfil lector alto.
- Un club virtual para un público lector afeccionado ás novas tecnoloxías, que funciona a través dun blog e que se reúnen a través de charlas en liña.
- Tres grupos no ámbito rural (nas parroquias de Xeve, Salcedo e O Burgo) cun perfil marcadamente distinto aos dous anteriores, formado por persoas na súa meirande parte de máis de 60 anos e escasa experiencia lectora, nula no caso de libros en galego.

Estas tres experiencias nun mesmo núcleo de poboación permitiron abranguer perfís moi distintos e amosar así a necesidade de achegar o libro e a lectura a un público tradicionalmente afastado das actividades literarias: as persoas maiores do rural. Algunhas persoas leron nestes clubs o primeiro libro da súa vida, e moitas fixeron aí o seu primeiro achegamento á lectura en galego (algunhas persoas con máis de 70 anos). Paga a pena a experiencia só por termos conseguido isto, non si?

4. OS PRIMEIROS PASOS: COMO BOTAR A ANDAR UN CLUB DE LECTURA

Unha vez definido un club de lectura, establecida a súa funcionalidade e logo dunha pequena recensión histórica, chega o momento de aprendermos a crear o club. O primeiro paso: definir a idea do tipo de iniciativa atendendo aos *tipos de clubs de lectura* que existen:

- Se consideramos o **tipo de lectura**, pode haber clubs de lectura de narrativa (é o máis habitual), pero tamén de ensaio ou de calquera disciplina que interese: biografía, historia, filosofía, ciencia...
- Segundo o **tipo de usuarios** hai clubs só de mulleres e clubs mixtos, clubs de anciáns, de enfermos psiquiátricos, de nenos e nenas, de mozos e mozas, de público presidiario, de integrantes dunha empresa, dunha determinada profesión (docentes, avogados, xornalistas, estudantes).
- Segundo a **modalidade de asistencia** ou non, poden ser presenciais, nos que os e as integrantes se reúnen nun lugar e hora convidados, ou ben os que funcionan de maneira virtual a través dun sitio web, ou ben dun *weblog*, e que se reúnen na Rede a través dun *chat*.
- Segundo o **hábitat** no que se vai desenvolver pode ser urbano ou rural, o que nos definirá un perfil lector diferente.

- Se temos en conta os **obxectivos**, algúns clubs inciden máis no aspecto educativo, ata cando están formados por adultos; outros, pola contra, oriéntanse máis ao lecer. Tamén hai experiencias que teñen como fin unha concienciación social a partir de lecturas solidarias.
- Segundo a **lingua** escollida para as lecturas. Así, temos en Galicia ademais dos clubs en castelán, en galego, mixtos, grupos de lectores que traballan con lecturas en francés, inglés e portugués.
- Segundo a súa **estrutura interna**. O club tradicional funciona cunha figura de moderador ou moderadora que coordina a actividade (máis adiante veremos as súas funcións), mais tamén existe a posibilidade de que esa figura non sexa sempre a mesma persoa, senón que se escolla de maneira alterna entre os distintos integrantes do club. Tamén hai casos de clubs que funcionan sen esa figura de coordinación, mais só é recomendada cando o club está integrado por persoas moi próximas, en realidade, unha xuntanza de amigos e amigas.
- Segundo o **horario** das reunións. Poden ser clubs de mañá, clubs de tarde, clubs de noite, de fin de semana...

Todos estes tipos de clubs presentados teñen en común que funcionan empregando unha mesma lectura a un tempo. Hai outras opcións, aínda que non son moi habituais, nas que as persoas que integran o club len varios libros á vez, e tamén hai experiencias nas que cada un dos membros le un libro distinto, que despois vai rotando entre os demais integrantes. De calquera xeito, neste manual ímonos decantar pola opción de que todos e todas len o mesmo libro á vez.

Como acadar os integrantes do club

Unha vez determinado o tipo de club, o seguinte paso é conseguir xuntar as persoas.

Se a experiencia parte dunha biblioteca ou axencia de lectura, o público obxectivo da actividade serán os seus usuarios. O primeiro paso debería ser facer carteis e trípticos informativos que poremos en lugares ben visíbeis e nos que explicaremos a actividade dunha maneira atractiva para captar a atención. O persoal da biblioteca deberá facer un esforzo adicional por chegar ao usuario explicándolle de vagar a iniciativa e recoñecer entre as persoas que se achegan diariamente á biblioteca o público interesado.

Outra opción é facer un envío de correo informativo entre os usuarios (ben por correo electrónico ou ben por correo convencional, máis caro e máis lento). Se a biblioteca ten sitio web ou blog, este será tamén un bo espazo para anunciar a iniciativa, e, se non existe ese espazo virtual, pode ser un bo momento para crealo e captar as persoas desde o ciberespazo, que é unha maneira moi efectiva de que aumente o número de usuarios e usuarias da biblioteca.

Non hai que subestimar o poder de captación do “boca-orella” entre o noso círculo máis próximo, que acaba por facer chegar a información a lugares que non foran valorados.

Os medios de comunicación poden ser bos aliados nesta andaina; así seranos de moita axuda enviar notas informativas aos xornais, á radio, á televisión, convocar roldas de prensa ou investir en anuncios se temos orzamentos para isto (cuñas na radio, anuncios nos xornais, *banners* publicitarios en sitios web, etcétera).

Deixar os carteis e trípticos informativos en librerías, centros socioculturais, centros de ensino, falar coas persoas que venden os xornais e pedir a súa implicación para que repartan a información ao vender a prensa, poñer información en taboleiros informativos de hospitais, establecementos e centros comerciais... e tantas outras alternativas que sexamos quen de argallar.

4. OS PRIMEIROS PASOS: COMO BOTAR A ANDAR UN CLUB DE LECTURA

4.1. Cantas persoas deben integrar un club de lectura?

Non hai un número fixo, pero as distintas experiencias existentes recomentan que sexa un **mínimo de dez persoas** e un **máximo de vinte e cinco** (aínda que estes límites poden ser alterados á baixa ou á alza segundo as distintas circunstancias).

Menos de dez persoas pode dar un grupo pequeno de máis e facer que os debates non sexan todo o dinámicos que deberían. Hai que ter en conta que cadaquén ten a súa vida e non sempre lles será posíbel asistir ás sesións, co cal as reunións pódense ver resentidas ao non haber un quórum que enriqueza o debate.

Se xuntamos dez persoas, podemos botar a andar o club. Con certeza, os integrantes que gocen da actividade convencerán a persoas do seu contorno para que se unan e o grupo irá medrando.

Ser máis de vinte e cinco pode dificultar a comunicación e facer difícil que todo o mundo poida opinar con orde. É doado que se dea o caso de que varias persoas falen a un tempo: o balbordo e as conversas paralelas son mala compañía para este tipo de actividades.

Cando un grupo excede esa cantidade, podemos dividilo en dous. Así, poden incorporarse novas persoas en cada un deles ata que se alcance de novo a cifra aludida e sexa necesaria unha nova división. Outra posibilidade é abrir unha lista de espera e arrincar cun novo club cando se teñan arredor de dez persoas inscritas.

4. OS PRIMEIROS PASOS: COMO BOTAR A ANDAR UN CLUB DE LECTURA

4.2. Periodicidade e horario das reunións

A periodicidade das reunións debe ser pactada entre os integrantes do club, segundo a dispoñibilidade do grupo. Presentamos dúas posíbeis opcións, que ademais adoitan ser as máis empregadas:

1. Reunións mensuais: realizadas unha vez acabado o libro; con esta opción faríase un único encontro por cada lectura. Está ben para as persoas que non dispoñen de moito tempo, mais cunha periodicidade tan longa é difícil crear dinámica de grupo.

2. Reunións semanais: nas que se analizan as lecturas de maneira fragmentada, isto é, cada semana débátese sobre un número concreto de páxinas (pactadas previamente) e na última sesión débátese sobre a obra en conxunto. Esta opción permite crear unha boa dinámica de grupo e crear o hábito de asistencia ás reunións. Presenta o problema de que se lemos un libro moi longo, tratar durante varias semanas da mesma obra pode facer que o debate perda interese nas últimas sesións. Máis adiante ofrecemos unha serie de actividades que servirán de apoio a facer reunións máis dinámicas.

Outras opcións son xuntármonos cada quince días, ou ben ir pactando de maneira variábel días alternos para as reunións, aínda que deste xeito resultará máis complicado compactar o grupo e acadar o hábito de participación.

Os horarios das reunións dependerán do público asistente: as persoas que non traballen probabelmente preferirán un horario de

mañá; a última hora da tarde é o horario normalmente escollido polas persoas que están suxeitas a un horario laboral. Hai grupos que prefiren as fins de semana por disporen de máis tempo... Como vemos, as opcións son múltiples e, en moitas ocasións, condicionarán que a xente asista ou non, por iso é necesario decidilo previamente por consenso e buscar o que mellor se axeite ao maior número de persoas do grupo.

No caso de que as reunións se celebren en bibliotecas, axencias de lectura ou locais socioculturais suxeitos a un horario de apertura, haberá que adaptarse a el.

4. OS PRIMEIROS PASOS: COMO BOTAR A ANDAR UN CLUB DE LECTURA

4.3. Lugar e duración das sesións

Se o club de lectura está vinculado a unha biblioteca o ideal é atopar un lugar separado da sala xeral de lectura que permita falar comodamente. Se o espazo é un centro social ou mesmo un domicilio particular, é importante que teña certa intimidade, para evitar que non estea a pasar xente ou que haxa ruídos que distraian a nosa atención. Tamén convén que na contorna haxa libros ou elementos que remitan á lectura.

Sexa cal for o espazo do que dispoñamos, recoméndase unha disposición en círculo que permita aos integrantes do grupo vérense os uns aos outros. O círculo, ademais, convida á participación, crea proximidade e un ambiente máis informal, que axudará a que o grupo estea máis cómodo. Se a houber, unha mesa redonda ou ovalada arredor da que se poidan sentar os integrantes pode ser unha boa alternativa.

Se podemos dispor dun local dotado de equipo de música, reproductor de DVD e unha televisión (ou canón de vídeo) facilitaranos a posibilidade de realizar actividades complementarias, como a escoita de música, a proxección de filmes, documentais...

En canto á duración das sesións, é recomendábel que ocupen entre unha hora e hora e media. Neste punto debemos ser flexíbeis, xa que se hai actividades complementarias ou temos algunha persoa convidada pode que a actividade se alongue.

5. COORDINACIÓN E MODERACIÓN DE CLUBS

O bo funcionamento dun club vai depender, entre outros aspectos, do traballo de moderación do coordinador ou coordinadora. O noso labor na organización, no desenvolvemento das actividades e na resolución de conflitos será fundamental para que o grupo funcione de maneira fluída. Non se trata de ser protagonistas das reunións, senón o contrario: tratar que todos e todas participen.

As funcións que debemos exercer desde a coordinación son, entre outras, as seguintes:

- Organizar a loxística do club: xestionar o lugar de reunión, convocar os membros, organizar o préstamo ou a compra de libros.
- Haberá casos nos que tamén teñamos que encargarnos da selección das obras, ou ben coordinar unha selección colectiva.
- Ler previamente os libros seleccionados (a poder ser máis dunha vez) e analizar a forma e o contido das obras vendo os posibles tópicos que se poden tratar nas xuntanzas.
- Elaborar guías de lectura ou listaxes de preguntas para expor nas reunións e dinamizar os debates.
- Moderar as reunións: facer que se respecten as quendas de palabra, evitar enfrontamentos, racionalizar o tempo de participación, solucionar conflitos que poidan xurdir.
- Organizar actividades complementarias: encontros con autores, visitas a exposicións, asistencia colectiva ao teatro e ao cinema, festas, etcétera.

5. COORDINACIÓN E MODERACIÓN DE CLUBS

5.1. Pode non haber coordinador ou coordinadora? E máis dunha persoa na coordinación?

Coma tantos outros aspectos no funcionamento dos clubs, a opción de moderador único é flexíbel. Así, pódese dar o caso de que un grupo funcione de maneira autoxestionada e que non precise de moderador ou moderadora. Existe tamén a opción de que a responsabilidade de coordinación reverta de maneira alterna en distintas persoas. E mesmo como terceira alternativa está a de que o labor de coordinación sexa responsabilidade de varias persoas a un mesmo tempo (agradecerase a axuda dunha ou de varias persoas de apoio, especialmente na selección de libros e na organización das actividades complementarias).

5. COORDINACIÓN E MODERACIÓN DE CLUBS

5.2. Pódese organizar máis dun club ao mesmo tempo?

É un labor satisfactorio, mais a coordinación dun club de lectura é moi laboriosa. Pódese organizar máis dun club ao mesmo tempo e aproveitar as lecturas e o traballo de documentación duns clubs para outros. Unha boa opción é xestionar un club presencial e un virtual á vez, e que os libros sexan lidos nun e noutro de maneira alterna, así podemos aproveitar as experiencias dunha iniciativa para enriquecer a outra e viceversa.

En todo caso, cada grupo ten as súas particularidades e funcionan de maneira distinta. Podémonos atopar levando un grupo no que os integrantes traballen moito as lecturas e afonden nelas, e outro no que teñan máis interese só na socialización; uns moi participativos e outros que vaian máis a remolque do coordinador...

Na contra do que pode parecer, para coordinar un club non é preciso ser un experto en literatura, aínda que a formación específica, como a filolóxica, vai axudar. O máis importante da persoa que coordine o club é que sexa un bo lector ou lectora, que goce da lectura e que posúa habilidades de comunicación e traballo en grupo.

A falta de formación específica, ou ben o complemento dela, vén compensada polo traballo organizado e o labor de recompilación da información xa existente. A imaxinación e a capacidade de atopar ou crear recursos vai ser fundamental.

Cómpre ter unhas certas habilidades sociais para coordinar sen impoñer, ser capaz de parar os usuarios que tentan captar sempre a atención dos demais e facer participar aos máis tímidos, evitar

os silencios incómodos ou o balbordo, saber separar o tempo para socializar e falar de cousas persoais e o tempo de traballar e analizar o libro.

É necesario, así mesmo, ser flexíbel e ter capacidade de reacción á hora de resolver situacións conflitivas.

5.2.1. Que facemos se un libro non gusta ou non funciona nas reunións?

Pode que na escolla haxa títulos que parecían nun primeiro momento axeitados para o grupo e que, no entanto, acaben non gustando. Neste caso podemos darlle á volta e facer dos puntos fracos do libro o tema de debate, ver por que non gusta, que aspectos deberían ser mellorados... de cara a facer unha crítica construtiva.

Pode que o libro guste, mais que non dea xogo no debate; neste caso, temos que botar a andar a imaxinación e os nosos máis variados recursos para buscar que algún dos aspectos da lectura (ben a temática, a estrutura, a ambientación, o autor, os personaxes...) consigan motivar aos participantes no debate.

Como en todos os aspectos da vida, teremos que aprender dos erros e, se hai algún tipo de lectura (moi intimista ou moi complicada) que non funcionou ben, temos que evitar repetir outra lectura na mesma liña.

E como de todo se pode tirar algo positivo, podemos lembrarlles aos participantes que convén achegarse a todo tipo de libros, e que os que non nos gustan nos farán valorar máis os que nos gusten.

5.2.2. Que facemos se a xente non participa activamente nas reunións?

En principio presupomos que os participantes desta iniciativa teñen xa unha motivación positiva cara á actividade, pero pode que o salto da lectura individual á colectiva non sexa fácil. Aí o noso labor de coordinación é moi importante, especialmente ata

que o grupo colla confianza e se desinhiba. Debemos buscar o modo, lanzando preguntas ao aire ou ben interpelando directamente un a un, para que o debate cobre vida ata que o grupo funcione por si mesmo.

5.2.3. Que facemos se os membros do club teñen un nivel lector moi baixo?

Esta situación pódese dar, e haberá que ter recursos para que a actividade non se veña abaixo. Para lectores de nivel moi baixo podemos poñer como lecturas libros de contos, narracións breves, xa que, se teñen problemas de atención e comprensión lectora, será máis fácil seguir unha historia curta que unha novela longa.

Podemos atoparnos con esta circunstancia en clubs de lectura de xente maior, e mesmo con casos de persoas que case non teñan lido nada antes de inscribirse no club. Temos que ter tino á hora de seleccionar as lecturas e buscar una temática que se achegue a eles, estruturas narrativas sinxelas, vocabulario fácil...

Podemos tamén introducir a tradición oral (ler contos tradicionais, que eles fagan memoria, ladaíñas, cantos...) como unha actividade para alternar coa lectura.

Neste sector de idade hai que ter presente que probabelmente non lles resulte fácil a lectura en voz alta, co cal é mellor non llelo pedir, xa que podemos, sen querer, facerlle pasar un mal momento a alguén.

É probábel que, malia ser galegofalantes, teñan certa reticencia a ler en galego, xa que a súa escolarización foi en castelán e, en liñas xerais, o seu achegamento á cultura escrita é moi probábel que fose só en castelán.

Para isto haberá que convencelos de que perdan o medo a ler en galego e demostrarlles coa práctica de que son quen de comprender máis do que pensan. Temos que telo en conta e prepararlles, se fose preciso, un pequeno glosario cos termos que consideremos máis difíciles de comprender.

5.2.4. Que facemos se o nivel lector dos integrantes e moi desigual?

Se nos atopamos con que os membros do club teñen un nivel lector moi desigual, temos dúas alternativas:

- Dividir o grupo en dous, se for posíbel, e escollermos lecturas distintas para cada un deles.
- Buscar libros que non sexan demasiado complicados e que non boten para atrás ás persoas menos afeitas á lectura, pero que a un tempo tampouco decepcionen ás máis lectoras. Para iso haberá que buscar o consenso e a comprensión duns e doutros, e deixar claro que cada un achega o que pode ao grupo, e que todas as visións teñen valor.

5.2.5. Que facemos se a xente non asiste?

Temos que deixar claro desde un primeiro momento que esta actividade ten un aforo limitado e que, se hai persoas que non poden ou deciden non acudir, deben abandonar o grupo e deixar sitio para quen estea interesado ou interesada na iniciativa.

5.2.6. Normas básicas do club

Para evitar conflitos é recomendábel deixar claras unhas normas de funcionamento para o club que todos e todas debemos respectar, entre as que poden estar:

- Comprometernos a coller e devolver as obras nos prazos de tempo estabelecidos.
- Tratar ben os libros que pertencen ao club, xa que van pasar despois a outras mans.
- Asistir as reunións sempre que sexa posíbel e, se vemos que non podemos acudir de maneira repetida, cederlle o noso posto a outra persoa.

- Intervir de maneira ordenada e sempre respectando os demais. Pode haber debate animado, pero os insultos e os berros non poden ter cabida.
- Facer o esforzo por ler o fragmento da lectura para cada sesión. Se algún día non podemos, tamén é interesante escoitar os demais, pero se moitos non o len, o debate reséntese.
- Non ler máis do que nos corresponde, xa que podemos acabar desvelándolles aos demais partes da historia que aínda non leron.
- E a máis importante, deixarse levar polas palabras e gozar da lectura, da compañía e da conversa, que é o obxectivo principal da actividade.

6. AS LECTURAS

6.1. En que momento seleccionamos os libros?

Facer unha boa selección das lecturas vai determinar en boa medida o éxito ou o fracaso da actividade.

O máis recomendábel é facermos unha planificación previa de posíbeis lecturas, para ter adiantado o traballo, e, unha vez formado o grupo, expor a selección e comprobar se cumpre coas expectativas dos lectores. Convén ter unha certa flexibilidade para modificar a selección primeira.

Pode acontecer que traballemos cunha lista pechada de obras; por exemplo, se decidimos traballar cos fondos doutros clubs de lectura ou doutras bibliotecas. Neste caso a marxe de manobra é menor e así hai que facerllo entender aos usuarios.

Outra alternativa é agardar á primeira reunión do grupo para ver o perfil dos integrantes e crear unha lista de consenso. O máis habitual é que os lectores agradezan que a persoa que coordina o grupo faga o traballo de selección das obras.

6. AS LECTURAS

6.2. Axudas para a selección de libros

Facer a selección de obras é un traballo laborioso. Convén estar ao tanto das novidades editoriais, mais tamén ter unha boa bagaxe de clásicos lidos dos que poder botar man. Ler todo o que sae ao mercado é imposíbel, co cal teremos que botar man de distintos recursos:

- Os libros que leramos previamente e que nos gustasen.
- Recomendacións de xente próxima.
- Selección de novidades editoriais das librerías e bibliotecas.
- Suplementos literarios dos xornais (*Culturas de La Voz de Galicia*, *RDL de Galicia Hoxe*, *Protexta de Tempos Novos*, *Faro das Letras de Faro de Vigo*...).
- Espazos web destinados á crítica de libros (coma o *Cartafol de Vieiros*).
- Espazos web dedicados a informar das novidades editoriais (coma o *LG3* do web do Consello da Cultura Galega, o web e revista editada pola Consellería de Cultura *Praza das Letras*, *Ferrenzas literarias*...).
- Blogs de lectores que de *motu proprio* presentan e opinan sobre libros (*Brétemas*, *Cabrafanada*...). As novas tecnoloxías ofrécenos infinitas posibilidades para estarmos ao día, por que non aproveitalas? (*vid. 11. Documentación complementaria*).

- Lecturas e recomendación doutros clubs de lectura. Unha conversa coa persoa que coordina outros clubs pódenos aforrar moito traballo na selección de títulos e orientarnos na nosa escolla.
- As propias editoras ofrecen en moitos casos servizo de subscripción a boletíns de novas, isto é, poñernos ao día puntualmente das súas novidades.
- Acudir ás listas dos máis vendidos dos xornais, aínda que acadar altas cifras de venda non quere dicir que teña a calidade nin as características axeitadas para entrar a formar parte do club.
- Acudir a libros premiados en certames literarios (Premio Xerais, Premio Lueiro Rei, Terra de Melide...), o que pode ser unha axuda, pero non unha garantía de éxito nos libros dun club de lectura.

É recomendábel que a selección de libros sexa feita por máis dunha persoa, para diversificar o criterio. E aínda que fagamos caso de recomendacións alleas, por moi autorizadas que sexan esas voces, é necesario lermos os libros antes de incluílos na selección. É moi importante a información de primeira man, e fiarnos de criterios alleos pódenos levar a sorpresas pouco agradábeis.

6. AS LECTURAS

6.3. Pensando no público lector

Para unha boa selección de obras temos que ter en conta, en primeiro lugar, os lectores:

- As súas preferencias, tanto de xénero literario (novela, teatro...) como de estilos (novela negra, histórica, romántica...). Non sendo que haxa un grupo con intereses comúns semellantes e moi definidos e decidamos facer un club temático, o ideal é combinar distintos estilos, para dinamizar os debates e enriquecer a nosa experiencia lectora.
- O nivel lector dos integrantes. Podémonos topar con xente cun hábito lector moi arraigado, que dixira con facilidade obras densas e complicadas, pero tamén con persoas con menos formación e escaso hábito lector. É máis sinxelo programar lecturas se o nivel lector é homoxéneo. Se temos un grupo con niveis lectores moi dispares, temos que buscar o punto intermedio e tratar que as persoas comprendan que unha lectura en grupo ten que enriquecerse coas distintas miradas, e que cadaquén achégalles aos demais a súa visión dentro das súas posibilidades e temos que adaptarnos aos demais para conseguir unha boa dinámica de grupo.
- As lecturas previas do grupo. Podémonos atopar con xente que leran moitos dos libros que teñamos programados para a

actividade. Se isto acontece con varios membros, verémonos na obriga de ter que mudar algún dos títulos, mais se son casos illados podemos propor que relean a obra, xa que de seguro unha segunda lectura, colectiva, vailles proporcionar unha nova visión do libro.

6. AS LECTURAS

6.4. Consellos para seleccionar as lecturas

Dos distintos xéneros literarios, a novela é o que mellor se axeita á dinámica dos clubs. Isto non quere dicir que deixemos de lado a poesía, o teatro, o ensaio... De feito, a experiencia dos clubs pode ser a ocasión ideal para que os membros se acheguen a xéneros máis minoritarios e que probabelmente de maneira individual non o farían. Así, no medio da programación anual, podemos incluír unha peza de teatro (que nos pode dar pé a asistir en grupo á representación como actividade complementaria). Podemos tamén iniciar as sesións lendo poemas de distintos autores e autoras que cada un dos integrantes do club seleccione para os demais. Se hai unha temática que interese de maneira especial, podemos seleccionar puntualmente un ensaio sobre o que debater e mesmo unha biografía sobre algún personaxe que nos atraia por algún aspecto concreto. As recompilacións de contos están ben para ler só de maneira puntual xa que resulta difícil centrar o debate cando hai moitos núcleos argumentais que tratar. No entanto, son boa opción para os clubs onde o nivel lector é baixo e na que os membros teñen dificultades para seguir a lectura dunha obra moi extensa.

1. As novidades editoriais resultan moi atractivas para os lectores, xa que están de actualidade nos medios de comunicación, pero ás veces perden interese de contado. Hai que analizalas con especial coidado e adquirir só aquelas que, polos seus méritos literarios, se supoña que van seguir tendo valor pasado un tempo.

2. Convén contar cos clásicos, a pesar de que poden provocar certo rexeitamento nun primeiro momento. Procurarase escooller os máis amenos e alternalos coas novidades. Con certeza as persoas que nun momento amosaron escepticismo, agradecerán ter a oportunidade de achegarse ás grandes obras da literatura, as que aguantaron intactas o paso do tempo.

3. Os temas que máis adoitan interesar son os que tratan da vida cotiá e da actualidade, pero é moi interesante achegármolos a libros de culturas afastadas e exóticas, que axudan a ampliar a nosa visión do mundo e que poden servir de base para facer actividades de achegamento a outras culturas (por exemplo, con *Aquel lugar*, de Antía, podémonos achegar á realidade de Paquistán vendo documentais, noticias xornalísticas, algún filme do país...). A literatura fantástica funciona moi ben nos clubs xuvenís, pero non tanto nos de adultos.

4. É importante que haxa diversidade nos temas das lecturas para dinamizar os debates e non caer en repeticións. Por exemplo, se dunha vez lemos *Agosto do 36*, de Xosé Fernández Ferreiro, que trata a temática da Guerra Civil en Galicia e a continuación lemos *O lapis do carpinteiro* de Manuel Rivas, caeremos en repetir o ámbito histórico temporal. Pode estar ben cando dous libros tocan o mesmo tema ou a mesma época desde perspectivas moi distintas e nos sirvan para contrastalos. Os lectores agradecerán a variedade.

5. Hai que ter en conta na selección das lecturas non só a calidade literaria, senón que sexan susceptíbeis de xerar debate, que nos dean xogo para desenvolver as sesións. Nese senso, non debemos ter medo de poñer libros controvertidos, que susciten polémica ou opinións contrastadas, xa que nos ofrecerán debates vivos e animados.

6. En canto á extensión das obras, convén que non teñan máis de 500 ou 600 páxinas. Se facemos reunións semanais, a ración de lectura adoita roldar as cen páxinas por semana (non sendo que o club estea integrado por persoas de nivel lector

baixo, caso no que teremos que baixar o número) e non convén estar demasiadas reunións coa mesma obra. Se as xuntanzas se fan cada mes co libro lido e a lectura é moi longa, pode que non dea tempo a lelo enteiro.

7. Aínda que sexa máis cara, sempre se debe elixir unha boa edición, cunha encadernación sólida e un tamaño de letra lexíbel. Iso permite a utilización das obras por varios grupos e fai rendíbel o investimento. Se o libro ten unha versión ilustrada ou con fotografías é mellor seleccionarmos esta, xa que a linguaxe plástica da imaxe enriquecerá a nosa lectura e poderemos analizar tamén a relación texto imaxe (por exemplo: *O único que queda é o amor* de Agustín Fenández Paz e ilustracións de Pablo Auladell).

8. Cando se le unha novela que ten versión cinematográfica ou teatral, convén adquirir tamén a película se está en DVD para poder comparar ao final as dúas versións. Se sabemos que o filme vai estar en carteleira ou ben que a adaptación teatral vai estar na nosa localidade, podemos programar a lectura de maneira que coincida xusto antes da emisión ou representación e propor acudir todos xuntos como actividade complementaria do club.

9. Cando seleccionemos lecturas contemporáneas podemos ter en conta os autores e autoras do noso contorno, da nosa vila ou cidade, que estean dispostos a acompañarnos nunha das sesións. Normalmente, aos membros do club gústalles coñecer a obra das persoas que viven ao seu carón.

6. AS LECTURAS

6.5. Como conseguir os libros?

Tendo en conta que todos lemos o mesmo libro a un tempo, a cantidade de volumes que se precisan é considerábel. A estes materiais pode accederse de dous xeitos:

1. A través do préstamo.
2. Por compra.

6.5.1. O préstamo

Se o club se organiza desde unha biblioteca, aínda que dispoñamos de fondos suficientes para comprar obras, debemos buscar outras institucións que teñen este tipo de fondos; pódense establecer préstamos recíprocos e sacarlle o máximo partido aos investimentos.

Se o facemos así, temos que coordinarnos moi ben coas bibliotecas coas que colaboremos e facer a programación co máximo tempo de antelación posíbel; mellor facermos a programación anual, para que non haxa problemas coas datas dos préstamos e os libros poidan “circular”.

Actualmente desde a Rede de Bibliotecas Municipais da Coruña coordínase un fondo común de distintas bibliotecas (Oleiros, Ames, Fontiñas, Pontevedra...) de libros para clubs de lectura, co obxectivo de compartir obras e racionalizar as futuras compras. Pódese acceder a este fondo desde outras bibliotecas e tamén as asociacións culturais poden participar nel, cumprindo as normas establecidas ao respecto do préstamo e devolución das obras.

Se somos un grupo particular de persoas que queremos crear un club é recomendábel que formemos legalmente unha asociación cultural para poder acceder a préstamos compartidos e tamén optar a axudas institucionais (*vid 11.1. Como crear unha asociación cultural e 11.2. Axudas para crear un club de lectura*).

6.5.2. A compra

Mercar vinte ou máis exemplares de cada unha das nosas lecturas supón un gasto elevado. Velaí van algunhas propostas para asumir o investimento:

- A Consellería de Cultura e Deporte publica anualmente unha orde de axudas específicas para a creación e funcionamento de clubs de lectura na que se inclúe a posibilidade de mercar libros para o seu funcionamento (*ofrecemos máis información na documentación complementaria*) e de non ser por medio desta axuda específica, existen tamén subvencións para actividades culturais. Como expuxemos previamente para acollerse a estas axudas é preciso estar constituído como unha asociación cultural (*tamén ofrecemos información complementaria no capítulo 11*).
- Como cada día é maior o número de clubs de lectura en funcionamento, podémonos poñer en contacto con varios e facer unha programación compartida, para así mercarmos só unha parte dos libros.
- Podemos falar coas librerías e distribuidoras e buscar, como asociación, que nos fagan un desconto por mercar un volume grande de obras (por lei pódennos rebaixar un máximo dun 5%).
- Outra opción é que cada un dos participantes merque o seu libro de cada vez (hai persoas que prefiren ter en propiedade o libro lido, para poder subliñalo e conservalo na súa biblioteca).

7. CLAVES PARA ANALIZAR UNHA OBRA. GUÍAS DE LECTURA

As guías de lectura teñen en Galicia un uso restrinxido unicamente ao ensino, e principalmente para a lectura dos clásicos. Hai países nos que os clubs de lectura teñen máis tradición e mesmo se comercializan guías de lectura para usar nas sesións. Sería de moita axuda emular a iniciativa e ir creando guías de lectura con cada obra, que poidamos ofrecer e intercambiar con outros coordinadores. Así, entre todos e todas, aforrariamos moito traballo.

Para cada nova lectura podemos facer un resumo extenso e detallado, capítulo por capítulo, que nos aforre ter que ler moitas veces (de todos modos, recoméndase facer máis dunha lectura para ter unha visión completa da obra).

Ao resumo engadímoslle información sobre o autor ou autora, críticas e recensións da obra, información complementaria sobre a época na que foi escrita ou sobre o contexto sociohistórico no que se desenvolva a acción narrativa, ademais de actividades complementarias que podemos acometer paralela ou posteriormente á lectura.

Podemos estruturar a nosa guía en tres apartados:

- 1. Antes da lectura:** información sobre o autor ou autora, unha sinopse da obra, o seu contexto histórico, etcétera.
- 2. Durante a lectura:** análise de distintos aspectos da obra, como pode ser a estrutura, o tratamento dos personaxes, o espazo e tempo narrativos, os temas principais e secundarios, o estilo, etcétera.

3. Despois da lectura: actividades complementarias, como encontro con autores e autoras, visionado de filmes, viaxes, etcétera.

Tamén podemos elaborar unha gran lista de preguntas e respostas que poden servir de base para traballar nas sesións. Aínda que non cheguemos nunca a respondelas todas e haxa outras cuestións que xurdan por iniciativa dos participantes, teremos maior seguridade se temos unha batería de tópicos para tratar na recámara.

Poden ser preguntas como:

- Parécenos acertado o título da obra? A que nos remite?
- Destaca temas principais e temas secundarios da obra.
- Son os personaxes e as situacións narradas críbeis e realistas?
- Que vos pareceu tal ou cal personaxe?
- Son lóxicas as súas reaccións?
- Lémbranos algún outro personaxe coñecido?
- Podemos nós como lectores e lectoras completar algúns aspectos da acción narrada?
- Enténdese ben a obra ou resulta complicada?
- Que estilo literario empregou?
- Como están tratados os protagonistas?
- E os personaxes secundarios? Son importantes para a historia? Hai algún que nos chame especialmente a atención?
- Como se estrutura o libro?
- Cal ou cales son as voces narradoras? Emprégase o multiperspectivismo? Se é así, que nos achegan as distintas voces?
- Como se trata o paso do tempo? É lineal? Temos *flash back* (saltos ao pasado) ou *flash forward* (saltos ao futuro)?

- Respecto da localización, é importante para a historia? Fai o autor boa descrición do ambiente que retrata?
- Sobre a contextualización sociohistórica da obra, o autor ou autora proporciona suficiente información básica para que entendamos os acontecementos? Por que?
- Como é o estilo da escrita? Que provoca en nós?
- É a linguaxe empregada apropiada para a historia? Interponse no camiño do recoñecemento da historia ou enriquece a lectura?
- Emprega o autor ou autora un léxico sinxelo ou complicado?
- Cómo é o ritmo da historia? Ritmo lento e descritivo ou ben a acción avanza rapidamente?
- Son os diálogos realistas?
- Que son máis importantes, os personaxes, a trama ou o contexto sociohistórico?
- Que acontecementos da historia destacaríamos?
- Desenvolveunos eficazmente o autor ou autora? En caso afirmativo, como? Se non é así, por que non?
- Quedaron temas sen resolver na historia? Pensas que é de maneira premeditada?
- Pensamos que esta historia é divertida, triste, conmovedora, inquietante... Por que ou por que non?
- Coñeces máis obras deste autor ou autora?
- É esta temática recorrente nel ou nela?
- En comparanza con outras lecturas do club, que nos pareceu este libro?
- Deixará pegada en nós ou pasará desapercibido? Lembrarémonos del dentro dun ano?

- E o máis importante, que nos fixo sentir? Conmoveunos ou foi só entretememento?
- Que é o que máis (ou menos) vos gusta do libro que non foi tratado xa?
- Alégraste de ler o libro? Recomendaríasllo ás túas amizades?
- Animádesvos a ler outras obras deste autor? E desta mesma temática?
- No caso de que esteamos a ler un clásico, segue a ser nestes días unha lectura actual? Por que? Cales son os aspectos atemporais do libro? Influíu este autor ou autora ou esta obra en obras posteriores? Coñeces máis obras deste período? A que xeración literaria pertence?

Como comentamos antes, moitas destas preguntas poden quedar sen tratar nas sesións, pero convén que as teñamos en conta e que nos preparemos previamente por se xorden no debate.

As cuestións que lles lancemos aos integrantes do club é bo que sexan dirixidas máis a que expresen as súas opinións que a que deixen constancia do seus coñecementos; cómpre deixar claro que non é un exame nin unha proba de cultura literaria: cada persoa achegará a súa visión enriquecendo á do conxunto, e todas serán válidas sempre que se formulen dentro dun contexto de respecto cara aos demais.

Mais se percibimos que os lectores e lectoras do club quedan, na súa visión do libro, nunha lectura moi superficial, temos que procurar que reflexionen e busquen afondar na análise, que se fagan preguntas e busquen por si mesmos as respostas.

Moitas veces teremos que facer de *avogado do demo* e expresar opinións contrarias ao grupo para fomentar o debate e a reflexión.

Outra opción para traballar nunha obra, que pode ser complementaria á da batería de preguntas, é ir de maneira lineal, capítulo

por capítulo, destacando escenas ou pasaxes que son especialmente conmovedores, memorábeis ou interesantes para nós, e logo preguntarlle ao grupo cal é a súa reacción ante estas seleccións. Non debemos ter medo de deixar que a discusión vaia cara a un aspecto particular do libro se este realmente capta a atención do grupo. O que buscamos é que exista debate e que as sesións sexan amenas e participativas, non debemos preocuparnos se quedan aspectos ou preguntas sen tratar.

7. CLAVES PARA ANALIZAR UNHA OBRA. GUÍAS DE LECTURA

7.1. Guía de lectura modelo: *Resistencia*, de Rosa Aneiros

1) ANTES DA LECTURA

Quen é Rosa Aneiros?

Rosa Aneiros naceu en Meirás (Valdoviño), en 1976. Licenciada en xornalismo, traballa no Consello da Cultura Galega e colabora de xeito habitual en distintos medios de comunicación, tanto dixitais como impresos. Con tan só 23 anos comezou a soar o seu nome grazas á novela *Eu de maior quero ser* (1999). En 2002 aparece o libro de relatos *Corazóns amolecidos en salitre*, ao que lle seguirá *Resistencia* (Xerais, 2003), novela coa que obtivo un notábel éxito de críticas e de vendas tanto en Galicia coma en Portugal, e que acabou por situala na primeira liña da literatura do país. No 2004 publica *Veú visitarme o mar*, e a súa obra xornalística sae recollida no 2007 no volume *Ao pé do abismo* (Xerais). Conta no seu haber con recoñecementos como o Modesto Rodríguez Figueiredo (Pedrón de Ouro, 1998), o Manuel Lueiro Rey (1996), o Manuel Murguía (2001), o Carvalho Calero (2001), o Premio Arcebispo Juan de San Clemente (2003), o Premio Careón 2006 ou o Premio da Crítica Losada Diéguez (2005), ademais do Premio Caixanova Francisco Fernández del Riego en 2007 polo artigo xornalístico “A última vaca”.

Podemos ver unha entrevista coa autora:

<http://www.barbantia.org/cont/index.php/comisions/conversas-e-critica/entrevista-a-rosa-aneiros/>

Que nos imos atopar en *Resistencia*?

Con *Resistencia* percorrерemos a historia política e social de Portugal a través da vida de personaxes pertencentes a varias xeracións, desde os anos vinte ata os anos noventa do século XX. Mercé ao relato, a través dunha voz narrativa omnisciente, preferentemente presentada en terceira persoa, que protagonizan os personaxes principais (Dinís e Filipa), artéllase un percorrido centrado na represión exercida en Portugal durante as ditaduras de Salazar e Marcelo Caetano e na actividade da resistencia clandestina antifascista; un pano de fondo fundamental entretecido co relato dun bo número de historias de amor, entre as que salientan a de Dinís (un obreiro da fábrica de vidro Irmáns Stephen) e Filipa (filla dun rico comerciante de Coimbra). Dinís e Filipa namóranse perdidamente sen calibrar as consecuencias. O Pinhal do Rei, no oeste portugués, converteuse no testemuño da vida. Pero ninguén pode escapar aos designios do tempo, e a vida dos amantes viuse marcada polas adversas circunstancias políticas que desangraron Portugal ata a Revolución dos Caraveis.

Para os protagonistas, a militancia política non foi unha opción senón unha esixencia, e tiveron que pelexar contra a miseria e contra os seus propios sentimentos. Loitaron desesperadamente coa única arma da que dispuñan: a resistencia.

Resistencia é unha novela de amores afastados na que todo o move o amor, que case sempre nace inocente e que axiña se vai tornando complexo e difícil. Unha novela memorábel que se move entre a exaltación da resistencia política exercida por algúns personaxes e o amor entendido como algo cruel que converte as persoas en escravas. Novela apaixonante, escrita co ímpeto da vida, difícil de esquecer; *Resistencia* é, pois, toda unha singradura a través da historia portuguesa da man de dúas familias maldicidas pola escravitude do amor, da morte e do silencio.

Que sabemos do contexto histórico no que transcorre a historia?

Estado Novo é o nome do réxime político autoritario e corporativista que estivo en vigor en Portugal sen interrupción desde o ano 1933 ata 1974, que remata coa Revolución dos Caraveis en abril e tras un período turbulento que levou a Portugal á democracia.

É tamén chamado **salazarismo**, aínda que este último termo poida tamén ser aplicado ao período en que Antónío de Oliveira Salazar gobernou; ou sexa, desde o seu ascenso ao cargo de presidente do Consello de Ministros en 1932, ata a súa substitución por enfermidade en 1968 por Marcelo Caetano.

Foi unha das ditaduras máis duradeiras da Europa occidental. A ditadura portuguesa (incluíndo a ditadura militar, de 1926 a 1933, e o Estado Novo, de 1933 a 1974) durou 48 anos.

A **PIDE** (Polícia Internacional e de Defesa do Estado), máis tarde DGS (Direcção-Geral de Segurança) e orixinalmente PVDE (Polícia de Vigilância e Defesa do Estado), perseguía aos opositores do réxime.

O levantamento militar do día **25 de abril de 1974**, denominado Revolución dos Caraveis (en portugués: Revolução dos Cravos), derribou nun só día o réxime político que existía en Portugal desde 1926, sen gran resistencia das forzas leais ao goberno, que cederon perante o movemento popular, e que pola súa vez apoiou aos militares. Este levantamento é coñecido por 25 de Abril ou Revolución dos Caraveis. O levantamento foi conducido polos oficiais intermedios da xerarquía militar (o MFA), na súa maior parte capitáns que participaron na Guerra Colonial. Considérase, en termos xeais, que esta revolución devolveulle a liberdade ao pobo portugués (denominándose Día da Liberdade o día conmemorativo instituído en Portugal para recordar a revolución). A revolución debe o seu nome á reacción popular, que repartiu caraveis aos soldados e estes puxéronos nos canóns das súas armas, simbolizando o seu apoio á revolución. Deu paso non só á democracia, senón tamén á descolonización de Angola, Mozambique, Guinea Bissau, San Tomé e Príncipe e Timor.

A **Guerra Colonial**. Desígnase Guerra Colonial ou Guerra do Ultramar o período de enfrontamentos entre as *Forças Armadas Portuguesas* e as forzas organizadas polos movementos de liberación das antigas provincias ultramarinas de Angola, Guinea Bissau e Mozambique entre 1961 e 1974.

A **Fortaleza de Peniche**. Foi mandada construír por João III no ano 1557 e terminada por D. João IV no ano 1645. Atópase situada ao sur da península de Peniche, sobre uns cantís. Nas súas orixes foi sede dun importante complexo militar, coñecida como unha das prisións militares máis importantes, e a súa cronoloxía agocha numerosos episodios da historia de Portugal, vindo a ficar tristemente célebre cando, durante a ditadura salazarista, alí foi instalado un cárcere destinado a prisioneiros políticos. Despois da Revolución dos Caraveis, en 1974, a fortaleza transformouse nun espazo de cultura que actualmente alberga no seu interior varias instalacións: Museo Rexional, escola náutica, hotel turístico, escola de pesca, acuario, etcétera. Todo o conxunto está clasificado como Monumento Nacional.

2) DURANTE A LECTURA

Que vos suxire o título de *Resistencia* e que relación garda co contido da novela?

Resistencia, nun primeiro momento e tendo en conta o contexto histórico, remitiríanos á historia dun grupo de persoas que, clandestinamente, se oporían á ditadura Salazarista. Pero en canto comecemos a ler decatámonos de que é moito máis ca iso. Trátase dunha “resistencia” no sentido amplo do termo e que chega a todos os ámbitos da vida: resistencia do amor (Rui vello e dona Leonor; Dinís e Filipa; Antonio e Isaura; Rui e Inés), resistencia ao desamor (Antonio e Ana Barbosa), resistencia dos desfavorecidos (Isaura á pobreza, Dinís á fábrica de vidro), resistencia á morte (Rui á morte da súa irmá Filipa e da súa muller Inés, Isaura á morte de Antonio), resistencia política (compromiso de Dinís coas inxustizas do réxime; resistencia ao cárcere dos presos políticos...), etcétera.

Como está estruturada a novela?

Resistencia é unha novela que comeza coa **presentación** de personaxes e, para facelo, e posto que pertencen a xeracións moi diferentes, prodúcense constantes analepses (saltos temporais cara atrás). Comeza a historia cun Dinís, protagonista principal, de cincuenta e pico anos sentado nun penedo e mirando ao mar; nos capítulos seguintes producíranse dúas analepses consecutivas para explicar as orixes deste home: a primeira para presentarnos a historia de Isaura e Antonio (os seus pais), a historia de como Dinís vén ao mundo; e unha segunda que explicará a chegada ao mundo de Isaura, a través da historia da súa nai Remedios. O relato destas historias deixa constancia da clase social á que pertence Dinís e das duras condicións de vida e os abusos que tiñan que padecer as xentes máis humildes.

Pouco despois presentarase a historia da familia da que provén a coprotagonista principal, Filipa. Preséntase a historia dos Rodrigues. Neste caso a presentación faise dun xeito cronoloxicamente lineal: preséntase primeiro a historia de Rui vello e dona Leonor, despois a historia dos seus fillos (Rui e Filipa) e por último a historia de Rui e Inés, relación da que nacerá Filipa. Vemos que neste caso estamos ante personaxes doutro rango social: xente acomodada. Situación, no entanto, que non lles evitará o sufrimento.

Ambas as dúas familias parecen marcadas polo fado, por un destino adverso marcado polo amor, a morte e o silencio.

A partir dese momento, a historia comezará a desenvolverse li-nealmente. Entramos, pois, no **nó** da novela: o namoramento dos protagonistas. Un namoramento que provoca en Dinís, sabedor das diferenzas culturais con Filipa, o desexo de progresar, de aprender, de crecer para poder estar á súa altura, para poder tela sempre ao seu lado; o descubrimento da guerra e das súas inxustizas fará a Dinís máis consciente ca nunca da súa propia escravitude na fábrica de vidro e será o que o levará a militar politicamente no Partido Comunista; o seu activismo e levantamento na fábrica condenarano á reclusión na prisión de Peniche:

comeza o calvario para Dinís. Atopámonos aquí co momento álxido da novela, que desencadeará unha serie de acontecementos: o suicidio de Antonio e a súa repercusión en personaxes como Isaura, Ana Barbosa, Caetano e Antoninho; o contacto de Filipa coa Resistencia, que a levará a ter que abandonar Portugal con Rui e exiliarse en Brasil; a perda de contacto entre os dous protagonistas e a suposta morte de Dinís; a aproximación entre Isaura e dona Leonor...

A acción dividirase en tres espazos narrativos: a situación de Dinís en Peniche, co relato das condicións nas que se atopaban os presos políticos e os plans de fuxida do cárcere; a situación de Filipa e Rui no Brasil, o desarraigamento, a precariedade emocional e económica; e a situación de Isaura e dona Leonor en San Pedro de Moel, coa morte desta última.

O ritmo narrativo irase acelerando cada vez máis ata chegar ao **desenlace**: Revolución dos Caraveis, liberdade para Dinís, enfrontamento coa realidade (ausencia de Filipa, morte de dona Leonor, volta á fábrica de vidro) e compromiso político, pero non sentimental (nunca esquecerá a Filipa). Filipa no Brasil, desencantada coa Revolución: para ela chega demasiado tarde, tampouco é quen de manter relacións duradeiras (non esquece a Dinís). A morte de Rui provocará que teña que volver a Portugal para espallar as súas cinzas en San Pedro de Moel, que pase por Peniche e que se decate de que Dinís aínda vive.

A novela remata con Filipa nun cruce de estradas: Lisboa ou a Marinha Grande. O peche é circular: Filipa, aínda que non se explicita, collerá cara a Marinha Grande e atopará a Dinís sentado no penedo do comezo da novela.

O tratamento dos personaxes. Cal é o perfil dos distintos personaxes? Cal vos gusta máis? Cal menos? Resultan todos verosímiles? Que relacións manteñen entre si?

Dinís.- O seu afán de superación, a conciencia social, as súas ansias de liberdade e a súa inxenuidade.

Filipa.- Personaxe, quizais, con menos forza que o de Dinís.

Aquel sofre na propia pel as inxustizas; esta é simpatizante da causa comunista, pero desde unha posición moito máis cómoda, teórica. O único que a move en realidade é o seu amor por Dinís.

Caetano.- É o nome deste personaxe gratuíto? É un home desprezábel, un tirano, un personaxe que podería simbolizar a propia ditadura salazarista e que, por outra banda, comparte nome con Marcelo Caetano. Este personaxe terá a súa continuidade no seu neto Antoninho (recordemos que Salazar levaba o nome de Antonio).

Isaura, dona Leonor, Ana Barbosa.- Mulleres todas elas que destacan pola súa fortaleza. No caso de Isaura, contrasta especialmente pola contraposición co débil carácter de Antonio. Ana Barbosa, a pesar de ter pouca presenza no libro, cando aparece faino cuns trazos precisos e certos: é unha muller dunha dignidade salientábel, unha muller que simbolizaría o amor sen condicións. Dona Leonor será o personaxe cómplice das relacións entre Dinís e Filipa (non quere que a súa historia volva repetirse).

Inés.- Resalta pola pouca atención que lle presta á súa filla, tan pouca que será dona Leonor quen remate por substituíla. É unha muller entregada ao seu marido.

Rui.- Destaca a súa sensibilidade e o impacto que lle provoca a morte da súa irmá Filipa. Tamén a súa xenerosidade e o seu amor pola familia.

Antonio.- Un home de carácter débil e superado polas circunstancias.

Constanza.- A súa capacidade de observación permítelle saber moitas máis cousas que ao resto dos personaxes. É quen de detectar as desgrazas antes de que se produzan: continuos presaxios. Mostra desas rapazas e rapaces de familias pobres que se vían na obriga desde ben nenos de ir servir ás casas dos señores.

André.- Inventor impenitente, inqueda e un eterno espectador do que acontece ao seu redor. Unha vítima máis dunha sociedade intolerante coa homosexualidade, antes e despois da ditadura. Para André non haberá compensación.

Joaquim.- Ese personaxe sae do cárcere despois de moitos anos, para comprobar que todos os seus puntos de referencia desapareceron (o encoro que somerxeu a súa aldea baixo as augas). Tampouco a el a liberdade que lle proporciona a revolución lle compensará unha vida esnaquizada e desfeita, unha vida que xa non paga a pena ser vivida.

Cal é o estilo empregado pola autora? Que provoca en nós?

A novela relátase en terceira persoa, desde o punto de vista dun narrador omnisciente, un narrador que o sabe absolutamente todo e que nos irá facendo pequenos adiantos sobre o que acontecerá, de xeito que aumenta a tensión narrativa e, por tanto, a nosa curiosidade por saber como se desenvolverán os acontecementos.

É unha novela histórica no sentido de que todas as situacións que aparecen nela respectan escrupulosamente a realidade socio-política do Portugal daquela época. A autora fixo un importante labor de documentación e a novela agradáceo.

A escrita de Rosa Aneiros é madura, moi coidada, unha prosa que resalta pola súa sonoridade, o seu poder de evocación, atenta sempre aos elementos sensoriais, etcétera.

3) DESPOIS DA LECTURA

Encontro con Rosa Aneiros

Organización dun encontro coa autora para intercambiar opinións, formularlle preguntas sobre a obra, o seu proceso creativo, etcétera.

Visionado de *Capitáns de abril*, de Maria de Medeiros

Nesta película Maria de Medeiros reconstrúe o acontecido en Portugal na madrugada do 24 ao 25 de abril de 1974: a Revolución dos Caraveis.

Excursión á Fortaleza de Peniche.

Organización dunha viaxe de todos os integrantes do club á Fortaleza de Peniche, lugar de encarceramento de Dinís e punto de orixe do nacemento de *Resistencia*.

8. AS REUNIÓNS

8.1. Que facemos na primeira reunión?

O obxectivo da primeira reunión é que todos os membros do club entren en contacto, que se coñezan e que se familiaricen coa dinámica.

Nesta primeira xuntanza cómpre que o moderador ou moderadora presente a actividade, como xurdiu a iniciativa... e explique a lóxica de funcionamento dos clubs (como funcionan os préstamos dos libros, día e hora das reunións...).

É importante tentar captar de cadaquén os seus intereses literarios, o seu nivel lector e as súas expectativas con respecto ao club.

Para iso, e para que nos coñezamos todos e todas, cómpre que cada un dos integrantes do club se presente aos demais. Podémoslo facer a través dunha rolda de intervencións nas que, ademais do seu nome, cada persoa expoña que motivación a levou a participar no club, como se fixo lectora, os seus gustos literarios e, por exemplo, destacar un libro que lle gustase especialmente.

Con esta reunión, o coordinador ou coordinadora pódese facer unha idea do grupo en xeral e, se xa estaban seleccionadas previamente as lecturas, ver se encaixan co perfil do grupo. Podemos presentar as lecturas que virán e ver as distintas reaccións (se coñecen aos autores e autoras, se xa teñen lido algúns dos libros...).

Se as lecturas aínda non foron fixadas, os membros do club deberán achegar suxestións para elaborar a lista de libros.

É importante tamén establecer e deixar claros os obxectivos para o club, e decidir sobre o estilo e o ton da lectura. Pode haber

persoas que esperan reunións moi eruditas e análises en profundidade das obras e outras que en cambio queiran principalmente divertirse e socializar. Buscar o punto exacto e o consenso impedirá que haxa quen se decepcione e quen non vexa cumpridas as súas expectativas.

8. AS REUNIÓNS

8.2. A dinámica das sesións

A liña ideal dun club é a que mestura a aprendizaxe co debate: é importante ampliar as marxes do libro e convidar os lectores a que busquen datos sobre a época na que se desenvolve a acción, a que analicen o estilo e a estrutura das obras ou se documenten sobre o autor... Nós, desde a coordinación, tamén debemos facelo, por se os lectores non aceptan a invitación, e debemos compartir as nosas fontes de coñecemento con eles, transmitindo así a idea de que aprender novas cousas é moi fácil: só hai que ir buscar as informacións alá onde se atopen.

Antes de cada reunión o coordinador debe preparar a lectura de xeito minucioso:

- Tomando notas dos aspectos máis destacábeis.
- Preparando preguntas para formulalas durante a sesión.

Nas reunións semanais, o coloquio comezará unha vez que estean sentados todos os compoñentes do grupo. Suponse que todos os membros acoden coa lectura realizada, pero se algún non puido chegar ao tope marcado non importa: escoitar aos seus compañeiros falar do que ocorreu nas páxinas non lidas por el é a mellor incitación para pórse ao día na sesión seguinte.

A reunión pode comezar, como xa propuxemos anteriormente, con que de maneira alterna cada un dos membros do club traia un poema para compartir cos demais, ou ben nos achegue un libro

da súa biblioteca particular, unha lectura que fora especial para el ou ela, e que nola recomende aos demais.

Xa tratando o libro do club, podemos pedir que alguén de maneira voluntaria dea a súa opinión global sobre o fragmento lido. Esa primeira intervención irá dando lugar a outras, pero se chega un momento no que o grupo “cala”, o coordinador debe lanzar novas preguntas. Sobra dicir que o coloquio debe desenvolverse nun clima de respecto e tolerancia, evitando os diálogos particulares.

Ás veces prodúcense nas reunións conversas simultáneas e paralelas que resultan moi molestas para o grupo e que o moderador ou moderadora ten que procurar evitar.

Pódese fomentar o costume de que os lectores anoten nun caderno as pasaxes que máis lles gustaron. Para isto, podemos darlle a cada un e cada unha das participantes un caderno de lectura, que sería a nosa bitácora, o noso compañeiro de viaxes literarias, no que podemos apuntar os parágrafos que máis nos gusten ou que nos conmovan, as nosas opinións, dúbidas, suxestións... e que ao final quedará coma un fermoso recordo da experiencia das lecturas compartidas. Tamén podemos propoñer que as persoas lean para os demais fragmentos da obra que lle resultaran especialmente atractivos ou relevantes. Con isto débese ter coidado para que sexa sempre de maneira voluntaria, xa que hai persoas que non teñen facilidade para iso e pódense sentir violentadas se as obrigamos.

Ao final de cada libro é interesante facer unha rolda de conclusións, invitando a todos os lectores (na orde na que están situados) a dar a súa opinión final sobre a obra. É unha boa forma de conseguir a participación das persoas máis reservadas.

9. ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS: ENRIQUECER A LECTURA

Ademais da lectura individual e dos debates, que xa non é pouco, un club de lectura pode ter unha serie de actividades complementarias que axudarán a darlle a actividade unha nova dimensión.

Facer actividades complementarias ao redor do libro axudará a enriquecer a nosa experiencia lectora e tamén servirá para motivar e implicar activamente ao grupo. Algunhas das actividades complementarias que podemos realizar son:

Cadernos de lectura

Ao igual que as antigas bitácoras dos barcos, podemos propoñer que cada unha das persoas que participe no club inicie un caderno de lectura, a modo de diario de viaxe literario. Nel poden relatar as súas experiencias lectoras, os libros lidos, copiar os fragmentos que máis lles gustaran, apuntar dúbidas ou preguntas para tratar nas reunións, pegar recortes de prensa, fotos, etcétera.

Bitácora na Internet: blog

Ademais do caderno persoal que como lectores teñan cada un dos integrantes do club, podemos ter unha bitácora ou blog na Internet, no que podemos:

- Narrar en palabras e imaxes a nosa experiencia literaria como grupo (as nosas listaxes de libros, fotos das actividades, vídeos das sesións...).

- Ofrecer información complementaria sobre a obra ou sobre o autor ou autora.
- Ofrecer ligazóns a sitios web interesantes para o grupo (dicionarios en liña, revistas literarias...).
- Deixar espazo para os comentarios dos membros dos clubs (preguntas que quedasen sen facer nas sesións, ou ben que fagan recomendacións literarias).
- Convidar a novos usuarios a participar no noso club ou ben poñernos en contacto con outras experiencias semellantes.

Un blog (*weblog*) ou bitácora é un unha páxina web onde o seu autor ou autores van publicando periodicamente pequenos artigos (*posts*) sobre un tema; pola súa vez, estes artigos poden ser comentados por máis persoas. Mentres que para crear unha páxina web convencional debemos ter idea de programación e deseño (e pagar pola hospedaxe) e de que principalmente é para mostrar informacións sen que o internauta poida operar nela, o blog ofrécenos a posibilidade de introducir e actualizar información na Rede de maneira sinxela, atractiva e en orde cronolóxica, a modo de diario, e o máis importante é que permite intervir activamente ao usuario que navega por el.

Familiarizarse coas novas tecnoloxías é fundamental para calquera actividade que queiramos divulgar nesta sociedade da comunicación. A web 2.0 ofrécenos a posibilidade de participar de maneira activa na Rede e de acceder dunha maneira máis sinxela a crear os nosos propios espazos, e que os demais usuarios, ademais de lernos, poidan intervir e opinar.

Non é o propósito desta guía afondar no uso das novas tecnoloxías mais ofrecemos un anexo no que vos achegamos recursos que nos poden axudar a poñernos ao día e a crear a nosa bitácora literaria. Hai que ter en conta que cada día xorden novas iniciativas que abren o noso abano de posibilidades na web (wikis, microblogs, flickr).

Para crear un blog hai que ter en conta:

- A plataforma na que nos imos hospedar. Hai moitas opcións para crear un blog de maneira gratuíta (*blogger, blogalia, wordpress...*), mais xa hai plataformas que permiten crear blogs en galego: *Blogoteca, Nireblog, Blogalego e Blogaliza*. Nas propias páxinas atoparemos manuais que nos axuden na creación dos nosos blogs.
- Se queremos que todo o mundo teña acceso para ver e introducir datos no noso web ou se o uso queda restrinxido para os usuarios e usuarias do club.
- Que esixe unha actualización frecuente. Non abonda só con crealo, senón que debemos ir introducindo novidades e información complementaria cada certo tempo, para motivar que os usuarios entren e participen con regularidade.
- Que cada día van xurdindo novas alternativas e posibilidades para enriquecer e dinamizar o noso blog, convén estar un pouco ao día destes avances.
- Que o blog vai ser o escaparate do noso club na Rede; tentar, pois, que sexa unha boa representación da nosa actividade. Debemos, por tanto, coidar as expresións que empreguemos nos comentarios, a ortografía... Un comentario en voz alta feito nas sesións desaparece, mais se o facemos no blog vai quedar de maneira continua á vista de todo o mundo. É recomendábel, se temos un blog aberto á participación, que poidamos filtrar as entradas e se houber algunha que resulte obscena ou agresiva poder eliminala.

Creación literaria

Pode que un club de lectura conte con xente con sensibilidade e dotes para a creación literaria. Podemos propoñer algunha actividade de escrita (crear un microrrelato sobre un tema, un poema, unha rolda de haikus...) como actividade complementaria. Isto

debe ser de maneira voluntaria e consensuada, xa que non a todas as persoas que lles gusta ler teñen por que necesariamente gozar tamén da escrita. O blog, se o houber, pode ser o espazo que acolla as nosas achegas á literatura.

Lecturas en voz alta

Tamén podemos realizar (como xa comentamos noutros momentos na guía, sempre de maneira voluntaria para non poñer a ningún nunha situación incómoda) sesións de lectura en voz alta. Ben poden ser recitais poéticos, lectura de parágrafos das novelas lidas que nos gustaron especialmente, ler un conto curto entre varias persoas... A lectura íntima ten un valor moi importante, mais a palabra lida en voz alta, e máis feita dunha maneira colectiva, pode resultar moi emotiva e estimulante. Nós, como coordinadores, podemos dar o primeiro paso e romper co xeo.

Visionado de filmes e documentais

Haberá libros dos que seleccionemos que teñan unha versión cinematográfica, coma *O lapis do carpinteiro*, de Manuel Rivas ou *Trece badaladas* de Suso de Toro. Se así for, podemos ver o filme todos e todas en grupo nunha das sesións do club despois de lermos e analizarmos a obra literaria, e logo comparar as dúas versións.

Haberá tamén lecturas que, pola súa temática ou ambientación histórica, conviden a ampliar información con artigos de investigación ou con documentais. Así, con *O cobertor de estrelas*, de Ricardo Lias, podemos ver un documental sobre as *favelas* e os *meninos da rúa* de Brasil.

Tamén podemos ver filmes relacionados coas nosas lecturas, aínda que non sexan especificamente adaptacións cinematográficas desta. Así, con *Resistencia* de Rosa Aneiros podemos ambientarnos no Portugal da Revolución dos Cravos co filme *Capitáns de abril* de Maria de Medeiros, e con *Ácaros verdes* de Pilar Buela, que narra os últimos días na vida de Hitler e Eva Braun, podemos ver

O afundimento (Der urtergang) do director alemán Bernd Eichinger, que trata a mesma temática.

Para estas actividades é recomendábel termos no noso local de reunión unha TV e un DVD, ou ben solicitarlle un canón de vídeo e unha pantalla a algunha institución que dispoña dela. Tamén podemos pedir prestada unha sala de proxección ou de usos múltiples que haxa dispoñíbel na nosa localidade.

Representacións teatrais

Podemos atoparnos co caso de que esteamos a ler unha peza de teatro e que coincida a súa representación na nosa localidade ou relativamente preto. Podemos programar a lectura de maneira que primeiro leamos a obra e despois vexamos a súa representación. Pode ser moi enriquecedor para a nosa experiencia lectora, e tamén unha boa maneira de perderlle medo a ler teatro. Tamén nos pode acontecer que haxa unha representación teatral ou un musical que sexa unha adaptación dun texto literario que esteamos a ver, e tamén podemos incorporar a asistencia ao teatro ás nosas actividades. Non perdamos de vista que a socialización é unha parte importante da dinámica dos clubs, e este tipo de actividades axudarán a unir e afianzar o grupo.

Excursións, viaxes literarias

Ademais de viaxar a través da imaxinación e das páxinas dos libros, podemos saír da nosa sala de reunións e facer percorridos literarios. Ben pode ser seguindo os pasos dun autor ou autora (o Lugo de Álvaro Cunqueiro, a Compostela e o Padrón de Rosalía de Castro ou a Lisboa de Pessoa) percorrendo os espazos onde habitaron, traballaron e viviron estes personaxes. Ou ben facer visitas en grupo ás localizacións das nosas lecturas: as rúas de Vigo que aparecen en *Ollos de auga* de Domingo Villar, a Coruña de *Teselas de cidade* de Patricia Casas Vázquez, a Compostela de *No ventre do silencio* ou o Lugo de *A semellanza* de María Xosé Queizán, por poñer algúns exemplos próximos.

Achegármonos a outras culturas

Ademais de percorrer os nosos espazos máis próximos, podemos realizar actividades que nos acheguen ás culturas que enmarcan as nosas experiencias literarias. Así, se estamos a ler *O xiro postal* de Ousmane Sembène, podemos achegarnos a Senegal a través dalgún documental, da súa música, gastronomía... ou o mesmo con Siria, de termos programada a lectura de *O canto do Muecín* de Lois Diéguez.

Encontro con autores e autoras

Unha das actividades que máis adoita gustar aos membros do club de lectura é o encontro co autor ou autora do libro que estamos a ler.

Cando nos achegamos a unha obra literaria, dalgunha maneira intimamos con quen creou o texto, aínda que non o coñezamos de nada. A alguén que nos fixo gozar da lectura, sentir, emocionarnos, sempre acabamos por gardarlle gratitude. Temos a oportunidade de consultarlle dúbidas sobre a historia ou sobre o proceso creador, ou mesmo darlle o noso parecer e a nosa interpretación da obra, pode ser moi enriquecedor.

Contactarmos con autores e autoras non sempre é sinxelo, ás veces non temos acceso ao seu contacto ou as cuestións de axenda fan difícil atopar un punto de encontro. En todo caso, podemos chegar a un autor ou autora a través da súa editorial ou ben a través da Asociación de Escritores en Lingua Galega, no caso de estar asociado. Moitas e moitos autores teñen a súa páxina web cun enderezo de correo electrónico de contacto.

Para as sesións con autores e autoras é mellor lermos e analizarmos xa a obra (ben por fragmentos ou ben na súa totalidade), xa que os tópicos e temas que tratamos nas sesións, a análise da obra, as dúbidas, críticas... será moito máis cómoda nas reunións habituais cos nosos compañeiros e compañeiras do club.

Na sesión co autor ou autora convidada podemos achegarlle as

dúbidas que nos quedasen sen resolver ao respecto da obra, mais trátase principalmente dunha oportunidade de achegármonos á persoa e ao seu proceso creador máis que facer na súa presenza unha exhaustiva crítica literaria. É un bo momento tamén para que nos asine e dedique os libros do club.

Haberá casos nos que o autor ou autora xa non estean vivos ou ben vivan noutro país. Unha boa actividade para o club é estarmos cun tradutor ou tradutora. Localizar a Paul Auster e acadar a súa presenza no club ía ser pouco menos que misión imposíbel, mais, por exemplo, Eva Almazán, a tradutora de *Brooklyn Follies* pódenos dar unha visión moi interesante e enriquecedora non só da obra senón tamén do proceso de tradución desta.

No caso de que esteamos a ler con imaxes, banda deseñada ou novela gráfica, podemos convidar ao ilustrador ou ilustradora a que nos expoña a súa creación plástica vinculada á creación literaria.

Unha opción interesante é convidar a outros axentes do sistema literario, coma os editores e editoras, que nos presentarán o libro desde outra perspectiva distinta e probabelmente descoñecida para nós.

10. OUTROS MODELOS DE CLUBS DE LECTURA

10.1. Clubs de lectura virtuais

Antes falamos de empregar as novas tecnoloxías como actividade complementaria ao noso club de lectura presencial. Mais existe outra posibilidade de emprego das tecnoloxías da información noutra modalidade: o club de lectura virtual.

Un club de lectura virtual diferénciase da modalidade tradicional en que a sala de reunións dos membros do club é un blog ou un sitio web, isto é, que os integrantes do club non se reúnen fisicamente a debater sobre o libro, senón que deixan as súas opinións no espazo web do club.

Podemos facer que cada usuario ou usuaria teña unha clave de acceso e que todo o mundo identifique os seus comentarios, para que saibamos quen di que. Tamén podemos deixar a opción de que calquera internauta deixe a súa opinión sobre o libro que estamos a ler.

Foron as bibliotecas municipais da Coruña as que iniciaron esta experiencia no ano 2007 co Ciberclub, seguidas de iniciativas coma o Club de Lectura Virtual de Pontevedra ou o Club de Lectura Virtual de Compostela, entre outras.

A que público está destinado?

Esta modalidade está destinada a un público afeito a navegar pola Internet e que non dispón de tempo para asistir a reunións, ou ben vive lonxe, afastado de onde se celebran as xuntanzas, ou simplemente

prefire empregar como medio de expresión da súa experiencia lectora a palabra escrita.

O perfil máis habitual desta modalidade é un público novo do ámbito urbano.

Cal é o papel do moderador ou moderadora nun club virtual?

En boa medida o papel do coordinador ou coordinadora nun club virtual é o mesmo que a do presencial: buscar as persoas que participen, seleccionar as lecturas ou coordinar a selección dos membros se decidimos descentralizar a selección.

No entanto, hai unha serie de especificidades, como que a comunicación cos usuarios do club se ten que facer ou ben vía correo electrónico ou ben deixando as preguntas, suxestións e propostas no propio blog.

Ao non existir o contacto directo é máis difícil crear unha dinámica de grupo, co cal terá que facer un esforzo adicional por dinamizar o debate a través dos comentarios.

Conseguir que os libros se collan e se devolvan a tempo, no caso de que escollamos unha modalidade de préstamo, adoita ser tamén máis difícil, co cal haberá que insistir tamén nese aspecto.

O traballo de documentación será sempre depositado no blog e cómpre sermos moi eficientes nese punto, xa que ao eliminar as reunións e a socialización, o atractivo que ten esta modalidade de club é, entre outras, ter acceso a boa documentación complementaria das obras

Xuntanzas na Rede

O punto de encontro dos membros dun club virtual son, en primeiro lugar, os comentarios ás nosas etiquetas (*tags*: entradas, intervencións na web, páxinas da nosa bitácora dixital). Temos que indicar en que etiqueta deben deixarse as opinións para non dispersar as

intervencións. Así, van aparecendo en orde cronolóxica as intervencións de cada un dos participantes, e todos e todas podemos ver o que teñen escrito os demais.

No entanto, hai opcións que permiten unha maior interacción, que é a de instalar un *chat* ou plataforma de mensaxería instantánea no noso blog (se fedellamos na Rede, atopamos versións de balde). Así, combinamos un día e hora na que nos poñemos todos e todas diante dos nosos computadores, introducimos o noso alcume (*nick*: nome de usuario, terá que ser o mesmo que empreguemos nos comentarios para que nos poidamos identificar) e botamos a falar cos dedos e as teclas.

Ás veces é complicado gardar a quenda de participación, e o moderador ou moderadora terá que demostrar a súa habilidade en evitar os silencios (espazos en branco) e tamén guiar a conversa de maneira fluída. Manter unha conversa con máis de 15 persoas nun *chat* resulta complicado, mais nada é imposible.

O *chat* tamén nos ofrece a posibilidade de que todos os do grupo poidamos conversar cun autor ou autora, só compre convidalos aos nosos encontros virtuais.

De todos modos, é recomendábel fixar algunha reunión presencial, polo menos ao inicio da actividade, para fixar a loxística e as normas de participación do club e para coñecernos e poder “poñerlle cara” á persoa á que lle leremos os comentarios no blog ou coa que *chateemos* e intercambiamos experiencias literarias.

10. OUTROS MODELOS DE CLUBS DE LECTURA

10.2. Clubs infantís e xuvenís

Crear un club de lectura infantil ou xuvenil pode ser una moi boa iniciativa para dinamizar calquera biblioteca, pero de maneira particular a do centro de ensino.

A lexislación en materia de educación esíxelles aos centros un *Proxecto lector de centro* que integre as actuacións destinadas ao fomento da lectura e da escrita. Neste senso, os centros educativos teñen que facer un esforzo adicional para a dinamización da lectura, a formación de lectoras e lectores competentes, e a creación e consolidación do hábito de lectura. Deben facilitar, así mesmo, o desenvolvemento de actitudes favorábeis á lectura mediante a creación de ambientes lectores, entre outras estratexias.

Unha das fórmulas de maior interese para o fomento do hábito da lectura é a posta en marcha dun club, porque inclúe varias das condicións necesarias para motivar aos lectores e lectoras destas idades: a posibilidade de comunicación cos seus iguais e a oportunidade de compartir gustos, inquedanzas, significados, emocións e opinións sobre as súas lecturas. Por esta razón, é unha práctica que comeza a ser empregada por profesorado atento ás necesidades e intereses do seu alumnado, que inclúen esta actividade nas programacións das bibliotecas escolares ou como complemento na programación da propia materia.

Esta práctica de socialización e creación de comunidades de intereses ao redor dos libros e da lectura está avalada por resultados moi positivos na creación de ambientes lectores nos centros,

coa participación en moitos casos de pais, nais e outros membros da comunidade escolar.

O espazo natural para o club de lectura é a biblioteca escolar, e os tempos axeitados para a súa celebración dependen das posibilidades de cada grupo (recreos ou tempos non lectivos), onde resulta imprescindible a implicación persoal do profesorado.

Os nenos e as nenas necesitan unha atención máis personalizada que os adultos; por tanto:

- Un club xuvenil pode empezar a funcionar cando haxa cinco persoas dispostas, e non convén que exceda de quince persoas.
- No caso dos nenos debe subirse o tope mínimo, porque as reunións con menos de dez poden resultar aburridas, pero o máximo de quince tamén é aplicábel.
- É aconsellábel que os nenos e nenas non sexan menores de 8 anos, para que poidan ler con soltura.
- É importante destacar o carácter lúdico da iniciativa, e buscar a participación voluntaria dos integrantes, que perciban a lectura coma un acto de goce, non coma unha obriga imposta polo profesorado. Cómpre neste tipo de clubs facer un esforzo especial por crear actividades complementarias que resulten innovadoras e atractivas (concursos, xogos, excursións, festas, xornadas gastronómico-literarias, actividades de plástica, etcétera).
- O uso das novas tecnoloxías con toda seguridade vai incentivar a súa participación. Teren que crear e encher de contidos o blog aumentará o seu interese pola actividade e daralles unha nova dimensión do libro.
- Neste tipo de clubs os adultos normalmente actúan como moderadores da actividade, mais cómpre buscar a implicación activa dos nenos e nenas e que se responsabilicen de distintas partes do proceso. Así, podemos buscar a maneira de que os integrantes do club se encarguen de buscar información sobre

os autores e autoras e que a introduzan no blog, que fagan as súas propostas de lectura, que deseñen as actividades complementarias e mesmo hai experiencias nas que eles mesmos, no caso dos adolescentes, se encargan de moderar as reunións.

II. DOCUMENTACIÓN COMPLEMENTARIA

II.I. Como crear unha asociación cultural

Con carácter xeral, as asociacións culturais réxense polo disposto na Lei 1/2002 de 22 de marzo, reguladora do dereito de asociación e polo Regulamento do Rexistro Nacional de Asociacións (R.D. 1497/2003 do 28 de novembro) que a desenvolve.

Así pois, para legalizar unha asociación cultural, é precisa a inscrición no Rexistro Nacional de Asociacións, para o que os interesados en crear unha entidade destas característica (un mínimo de tres persoas) deberán redactar e asinar unha acta fundacional, na que se especifique o nome da entidade (por exemplo Club de Lectura de Arousa) e o reparto de cargos da xunta directiva. Nesta mesma xuntanza deben aprobarse uns estatutos nos que se establecerán os obxectivos da asociación, o ámbito territorial de actuación e os órganos de goberno. A Administración facilita modelos básicos de estatutos que só precisan unha sinxela adaptación á realidade concreta de cada asociación.

Os estatutos incluirán, entre outras cuestións:

- Os datos básicos de nome, enderezo e ámbito de actuación da asociación.
- Os obxectivos da nova entidade (por exemplo: “Promover a lectura en galego”).
- Os órganos de goberno e o seu funcionamento (xunta directiva, asemblea xeral, comisións...), así como os cargos que compoñen a

xunta directiva (presidente, vicepresidente no seu caso, secretario, tesoureiro, vocais...) e, en xeral, como se organiza internamente.

- Dereitos e deberes dos socios e de que xeito se adquire ou se perde esta condición (porque, ademais dos amigos, haberá interese en que alguén máis participe).
- Cal é o orzamento máximo que pode manexar a asociación nun ano.
- Como se dissolve a entidade e que acontece co seu patrimonio (que en ningún caso poderá reverter nos socios).
- Hai que ter en conta, sempre, que debe quedar especificado que a asociación se funda ao abeiro da Lei orgánica 1/2002 do 22 de marzo, que xa mencionamos antes.

Feito isto, preséntase a documentación no Rexistro de Asociacións da Xunta de Galicia, que depende da Consellería de Presidencia, Administración Pública e Xustiza, con delegacións nas catro provincias, polo que acudiremos a aquela onde a asociación teña establecido o seu domicilio. Entregaremos tres copias da acta fundacional e dos estatutos, asinados en todas as súas páxinas polo fundadores do colectivo, así como o resguardo de ingreso da taxa correspondente. O prazo para efectuar estes trámites é de cinco días hábiles contados a partires do seguinte á data que se recolle na acta fundacional. Presentada a documentación queda agardar pola confirmación de que se aceptou a inscrición, nun prazo que non pode ser superior a tres meses, contado dende a entrega da solicitude. O silencio neste caso é positivo polo que, se pasa ese tempo sen que teñamos resposta, a asociación considerase inscrita.

O paso seguinte é ir á delegación do Ministerio de Economía e Facenda máis próxima. Alí entregaremos copia dos estatutos xa selados polo Rexistro de asociacións e o certificado de que está inscrita nel. Así obtérase o CIF (código de identificación fiscal),

que lle permitirá á asociación facer operacións económicas legais, como cobrar subvencións, emitir facturas ou facer gastos.

Unha vez academos o CIF podemos solicitar a exención de IVE. Para iso, na mesma delegación do Ministerio, hai que achegar o orixinal e copia da acta fundacional e dos estatutos selados, o CIF, o certificado de inscrición no Rexistro e, para completar a documentación, unha certificación asinada polo secretario da asociación, co visto e prace do presidente, expresando que a asociación non ten ánimo de lucro e cumpre os requisitos que lle permiten obter esta exención.

Finalmente, para poder acceder a axudas da Consellería de Cultura e Deporte da Xunta de Galicia, é necesario inscribir a asociación no Censo de asociacións e entidades culturais, regulado polo Decreto 44/2001, do 1 de febreiro, presentando o Anexo de solicitude, o recoñecemento da inscrición no rexistro de asociacións, copia dos estatutos e fotocopia do CIF.

Para calquera resolver calquera dúbida en relación con estes trámites, podemos acudir á Consellería de Cultura e Deporte ou as súas delegacións.

A actual web da Consellería é:

<http://culturaedeporte.xunta.es/>

No apartado E-SERVIZOS ofrécesenos a posibilidade de estar ao día da lexislación que precisemos e tamén ver as convocatorias de axudas ás que podemos acceder, ben para organizar actividades culturais ou ben para a compra de libros para a creación de clubs de lectura.

II. DOCUMENTACIÓN COMPLEMENTARIA

II.2. Axudas para a creación de clubs de lectura da Consellería de Cultura e Deporte

Estas axudas foron creadas ao abeiro da Lei 17/2006, do 27 de decembro, do libro e da lectura de Galicia, que ten como un dos seus obxectivos a promoción do libro, o fomento da lectura e a normalización da presenza do libro en todos os sectores da sociedade, así como o apoio ás agrupacións de lectores e clubs do libro. Poden optar a estas axudas asociacións e institucións sen ánimo de lucro legalmente constituídas e inscritas nos rexistros correspondentes e con domicilio social en Galicia.

En concreto, as actividades obxecto de subvención son: obradoiros de animación lectora, campañas de animación á lectura, concursos de lectores, clubs do libro, publicidade das actividades obxecto de subvención, adquisición de exemplares múltiples para o funcionamento dos clubs e gastos de persoal para dirección e coordinación das actividades e aluguer de servizos técnicos para a realización das actividades.

Para presentar a solicitude cómpre preparar:

- a)** Fotocopia do NIF ou, de ser o caso, do CIF da entidade.
- b)** Declaración do solicitante das subvencións solicitadas para o mesmo fin ás administracións públicas.
- c)** Memoria explicativa e detallada do programa ou actividades que se pretenden realizar, indicando o ámbito territorial e social destas, xustificando a súa necesidade e indicando os resultados previstos.

- d) Breve memoria descriptiva das actividades de fomento da lectura realizadas previamente polo solicitante.
- e) Calendario de execución das actividades para as que se solicite axuda.
- f) Orzamento desagregado e detallado do programa ou actividade, con expresión das axudas solicitadas ou concedidas por parte doutros organismos públicos ou privados.

Podedes atopar a información e a documentación en:

<http://culturaedeporthe.xunta.es/>

(As ordes e requisitos poden variar cada ano, estes eran os requisitos para a convocatoria do 2008)

II. DOCUMENTACIÓN COMPLEMENTARIA

II.3. Axudas para a creación de clubs de lectura en centros de ensino secundario e bacharelato da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria

A Consellería de Educación e Ordenación Universitaria tamén ofrece unha liña de axudas para centros de ensino secundario e bacharelato, destinadas á posta en marcha de clubs de lectura vinculados á biblioteca escolar.

Poderán presentar solicitudes aqueles centros que inclúan un club de lectura na programación de actividades da biblioteca escolar ou que contén con profesorado que pretenda poñelo en marcha cun grupo de alumnos e alumnas. As solicitudes presentadas deberán reunir os seguintes requisitos:

- Finalidades do club de lectura.
- Actividades programadas.
- Composición e número aproximado de participantes.
- Formas de organización e funcionamento previstos.
- Horario e calendario para a celebración das reunións presenciais.
- Persoa responsable/coordinadora e medios que se utilizarán para a difusión da actividade.
- Certificación da dirección do centro na que se faga constar que o proxecto do club de lectura foi presentado ao claustro e aprobado no consello escolar.

Ao final da actividade, as persoas que coordinen cada un dos clubs seleccionados terán que elaborar unha breve memoria das actividades levadas a cabo durante o curso, con detalle dos materiais producidos e, de ser o caso, valoración dos resultados obtidos.

Podedes atopar a información e a documentación en:

<http://www.edu.xunta.es/>

(As ordes e requisitos poden variar cada ano, estes eran os requisitos para a convocatoria do 2008)

II. DOCUMENTACIÓN COMPLEMENTARIA

II.4. 100 lecturas recomendadas

Velaquí unha listaxe de libros en galego para o público adulto, tomada das máis recentes programacións dos clubs de lectura de Galicia.

A casa dos encontros, Martin Amis, Galaxia

A esmorga, Eduardo Blanco Amor, Galaxia

Á espera de Godot, Samuel Becket, Laiovento

A medición do mundo, Daniel Kehlmann, Galaxia

A metamorfose, Franz Kafka, Xerais

A miña planta de laranxa lima, J. Mauro de Vasconcelos, Primeira Persona

A morte en Venecia, Thomas Mann, Tambre

A palabra das fillas de Eva, Teresa Moure, Galaxia

A pensión Eva, Andrea Camilieri, Galaxia

A procura do falso grial, Manuel Forcadela, Galaxia

A semellanza, María Xosé Queizán, Sotelo Blanco

A vida que nos mata, Xabier López, Galaxia

A voda, Carson McCullers, Xerais

A xeira das árbores, Teresa Moure, Sotelo Blanco

Ácaros verdes, Pilar Buela, Sotelo Blanco

Accidental, Manuel Darriba, Galaxia
Alerta sentinela, María Xosé Queizán, Xerais
Anagnórise, María Victoria Moreno, Galaxia
Ao pé do magnolio, Marina Mayoral, Xerais
Arthur e George, Julian Barnes, Rinoceronte Editora
As horas sucias, Santiago Jaureguizar, Xerais
As rulas de Bakunin, Antón Riveiro Coello, Galaxia
Así nacen as baleas, Anxos Sumai, Galaxia
Baixo mínimos, Diego Ameixeiras, Xerais
Benquerida catástrofe, Teresa Moure, Xerais
Brooklyn Follies, Paul Auster, Galaxia
Calzados Lola, Suso de Toro, Xerais
Cantares gallegos, Rosalía de Castro, Galaxia
Canto de min mesmo, Walt Whitman, Edicións Positivas
Cascas de noz, Beatriz Dacosta, Galaxia
Case perfecto, Marina Mayoral, Xerais
Cobertor de estrelas, Ricardo Lísias, OQO Editora
Coma se non existise, Slavenka Drakulic, Xerais
Compendio de orballos e incertezas, Manuel María, Avarellos Editora
Corazóns amolecidos en salitre, Rosa Aneiros, Xerais
Crime en Compostela, Carlos Reigosa, Xerais
Criminal, Xurxo Borrazás, Sotelo Blanco
De catro a catro, Manoel Antonio, Galaxia
Diario comboio, Raquel Miragaya, Laiovento
Dos arquivos do trasno, Rafael Dieste, Galaxia

Dz ou o libro do esperma, Samuel Solleiro, Xerais
Erros e Tánatos, Gonzalo Navaza, Xerais
Expediente Artieda, Luis Rei Núñez, Xerais
Flor de xiz, Chelo Suárez, Primera Persona
Follas de bacalao, Xabier Paz, Xerais
Herba moura, Teresa Moure, Xerais
Home sen nome, Suso de Toro, Xerais
Limpeza de sangue, Rubén Ruibal, Xerais
Luar no inferno, Miguel Anxo Fernández, Galaxia
Madame Bovary, G. Flaubert. Galaxia
Made in Galiza, Sechu Sende, Galaxia
Males de cabeza, Fran Alonso, Xerais
Martázul, Xosé Antonio Perozo, Ir Indo
Narcos, Carlos G. Reigosa, Xerais
Non volvas, Suso de Toro, Xerais
O bosque dos raposos aforcados, Arto Paasilinna, Rinoceronte Editora
O cidadán do mes, Diego Ameixeiras, Xerais
O club da calceta, María Reimóndez, Xerais
O espírito de Broustenac, Alfonso Álvarez Cáccamo, Xerais
O estadio do espello, María do Cebreiro, Xerais
O fillo do acordeonista, Bernardo Atxaga, Xerais
O home inédito, Carlos Meixide, Rinoceronte Editora
O lapis do carpinteiro, Manuel Rivas, Xerais
O perfume, Patrick Süskind, Sotelo Blanco
O porco de pé, Vicente Risco, Galaxia

O sangue dos camiños, Ramón Caride Ogando, Sotelo Blanco
O señor Lugrís e a negra sombra, Luis Rei Núñez, Xerais
O soño da febre, Miguel Anxo Murado, Galaxia
O soño do falcón, Xabier Iglesias, Toxosoutos
O terceiro home, Graham Greene, Galaxia
O único que queda é o amor, Agustín Fernández Paz, Xerais
O xiro postal, Ousmane Sembène, Rinoceronte Editora
Os libros arden mal, Manuel Rivas, Xerais
Ollos de auga, Domingo Villar, Galaxia
Orixe, Sechu Sende, Galaxia
Os ollos de K, Antón Riveiro Coello, Galaxia
Os vellos non deben de namorarse, Castelao, Galaxia
Palabras contadas, Camilo Franco, Xerais
Polaroid, Suso de Toro, Xerais
Precipicios, Beatriz Dacosta, Francka Editora
Que me queres, amor?, Manuel Rivas, Galaxia
Resistencia, Rosa Aneiros, Xerais
Romeo e Xulieta, William Shakespeare, Galaxia
Seda, Alessandro Baricco, Rinoceronte Editora
Só o silencio me responde, Anna Akhmátova, Rinoceronte
Spam, Francisco castro, Galaxia
Ten o seu punto a fresca rosa, María Xosé Queizán, Xerais
Teoría do caos, Marilar Alexandre, Xerais
Traballos e paixóns de Benito Prada, Fernando Assis Pacheco, Ir Indo
Trece badaladas, Suso de Toro, Xerais

Tres segundos de memoria, Diego Ameixeiras, Xerais

Tres trebóns, Suso de Toro, Xerais

Trópico de Cáncer, Henry Miller, Galaxia

Un home que xaceu aquí, Aníbal Malvar, Sotelo Blanco

Vidas exemplares, Uxía Casal, Xerais

Vidas post-it, Iolanda Zúñiga, Xerais

Xeración perdida, Francisco Castro, Galaxia

Xuntos e mais nada, Anna Gavalda, Galaxia

II. DOCUMENTACIÓN COMPLEMENTARIA

II.5. Sitios web para visitar

Tendo en conta o rápido que muda a información na Rede calquera listaxe de recursos web fica obsoleta dun día para outro, pero a seguir gustaríanos destacar algúns espazos:

Clubs de lectura e experiencias lectoras en Galicia

- CLUB DE LECTURA DE PONTEVEDRA
<http://www.blogoteca.com/clpontevedra/>
- CLUB DE LECTURA VIRTUAL DE PONTEVEDRA
<http://www.blogoteca.com/clvpontevedra/>
- CLUB DE LECTURA VIRTUAL DE COMPOSTELA
<http://www.blogoteca.com/clvcompostela>
- CLUBS DE LECTURA DAS BIBLIOTECAS MUNICIPAIS DA CORUÑA
<http://bclublectura.googlepages.com/>
- CLUB DE LECTURA VIRTUAL DAS BIBLIOTECAS MUNICIPAIS DA CORUÑA
<http://ciberclub.blogspot.com/>
- ESPAZO LECTURA
<http://espazolectura.blogspot.com/>
- A LONXA LITERARIA
<http://lonxaliteraria.tqr.biz/>
- CLUB DE LECTURA DE ALECRÍN
<http://www.alecrin.org/>

- LITERACTÚA
<http://www.blogoteca.com/literactua/>
- LEMOS GALEGO
<http://lemosgalego.blogaliza.org/>
- CLUB DE LECTURA SOLIDARIO DE IMPLICADAS NO DESENVOLVEMENTO
<http://www.implicadas.org/>

Clubs de lectura e experiencias lectoras fóra de Galicia

- LECTORES GALEGOS EN BOS AIRES
<http://www.blogoteca.com/lectoresenbosaires/>
- CLUB DE LECTURA VIRTUAL DAS BIBLIOTECAS DE BARCELONA
<http://www.clubdelectura.net>
- CLUBS DE LECTURA DE ANDALUCÍA
<http://www.juntadeandalucia.es/cultura>
- CLUBS DE LECTURA DE MURCIA
<http://www.rmbm.org/>
- CLUBS DE LECTURA DAS BIBLIOTECAS DE CASTELA A MANCHA
<http://www.bcl.jcyl.es/>
- CLUBS DE LECTURA FÁCIL, ORGANIZADOS POLA XUNTA DE ESTREMADURA
<http://www.facillectura.es>

Para estarmos ao día das novidades literarias en galego

- PRAZA DAS LETRAS
<http://www.prazadasletras.org/>
- CARTAFOL DE VIEIROS
<http://www.vieiros.com>
- LG3
<http://www.culturagalega.org/lg3/>

Para crearmos o noso blog

- BLOGOTECA
<http://www.blogoteca.com>
- BLOGALEGO
<http://www.blogalego.com>
- BLOGALIZA
<http://www.blogaliza.com>
- NIREBLOG
<http://nireblog.com/gl/>

Outros webs para ter en conta

- LETRAS VIVAS: WEB CREADO POLA CONSELLERÍA DE CULTURA E DEPORTE DE APOIO PARA ORGANIZAR ACTIVIDADES LITERARIAS
<http://letrasvivas.org/>
- PLAN DE FOMENTO DA LECTURA DO MINISTERIO DE CULTURA
<http://www.planlectura.es/>
- RECEITAS DE BLANCA CALVO PARA CREAR UN CLUB DE LECTURA
<http://travesia.mcu.es/receta.asp>
- TRAGALIBROS: EXPERIENCIA DE ANIMACIÓN Á LECTURA NO MEDIO RURAL
<http://www.tragalibros.org/>
- EL ALEPH. CLUBS DE LECTURA E FOROS LITERARIOS EN LIÑA
<http://www.elaleph.com/>
- RECURSOS PARA OS CLUBS DE LECTURA (EN INGLÉS)
<http://www.book-clubs-resource.com/>
- PORTAL DOS EDITORES GALEGOS
<http://www.editoresgalegos.org>

ÍNDICE

Presentación	7
Prólogo da autora	9
1. Que é un club de lectura?	11
2. Para que serve un club de lectura?	12
3. Historia dos clubs de lectura	13
3.1. Clubs de lectura en Galicia	14
3.2. Clubs de lectura en galego	15
4. Os primeiros pasos: como botar a andar un club de lectura	17
4.1. Cantas persoas deben integrar un club de lectura?	20
4.2. Periodicidade e horario das reunións	21
4.3. Lugar e duración das sesións	23
5. Coordinación e moderación de clubs	24
5.1. Pode non haber coordinador ou coordinadora? E máis dunha persoa na coordinación?	25
5.2. Pódese organizar máis dun club ao mesmo tempo?	26

6. As lecturas	
6.1. En que momento seleccionamos os libros?	31
6.2. Axudas para a selección de libros	32
6.3. Pensando no público lector	34
6.4. Consellos para seleccionar as lecturas	36
6.5. Como conseguir os libros?	39
7. Claves para analizar unha obra. Guías de lectura	41
7.1. Guía de lectura modelo: <i>Resistencia</i> , de Rosa Aneiros	46
8. As reunións	
8.1. Que facemos na primeira reunión?	55
8.2. A dinámica das sesións	57
9. Actividades complementarias: enriquecer a lectura	59
10. Outros modelos de clubs de lectura	
10.1. Clubs de lectura virtuais	66
10.2. Clubs infantís e xuvenís	69
11. Documentación complementaria	
11.1. Como crear unha asociación cultural	72
11.2. Axudas para a creación de clubs de lectura da Consellería de Cultura	75
11.3. Axudas para a creación de clubs de lectura en centros de ensino secundario da Consellería de Educación	77
11.4. 100 lecturas recomendadas	79
11.5. Sitios web para visitar	84

LECTURAS COMPARTIDAS

GUÍA PARA CREAR UN CLUB DE LECTURA

ISBN 978-84-453-4607-5



9 788445 346075

Os dereitos do lector:

1. O dereito de non ler.
2. O dereito de saltarnos páxinas.
3. O dereito de non rematar un libro.
4. O dereito de reler.
5. O dereito de ler calquera cousa.
6. O dereito ao bovarismo (enfermidade de transmisión textual).
7. O dereito de ler en calquera sitio.
8. O dereito de follear.
9. O dereito de ler en voz alta.
10. O dereito de calar.

Daniel Pennac



XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE CULTURA
E DEPORTE
Dirección Xeral de Creación
e Difusión Cultural

Máis
libros

PLAN GALEGO
DE LECTURA